

1998/1999, polo efecto inducido da cuantificación da renda familiar do solicitante da bolsa, en relación coas minoracións que a Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas, establece para os rendementos do traballo.

O crecemento do número de axudas concedidas para a adquisición de libros nos niveis obrigatorios do ensino (educación primaria e educación secundaria obrigatoria); a creación das bolsas de mobilidade para os estudantes universitarios que cursan os seus estudos en comunidades autónomas distintas á do seu domicilio familiar, co obxecto de promover a mobilidade e remoción de obstáculos para o seu libre exercicio polos estudantes universitarios, así como o incremento no número de axudas compensatorias concedidas, supuxeron un aumento no custo das convocatorias e unha redución no tanto por cento de crédito que cada ano se puido dedicar a iniciar os pagamentos da convocatoria do curso seguinte.

Ó ter comezado xa o curso académico 2003-2004 no que se deben facer efectivas as bolsas e axudas obxecto deste suplemento de crédito, é evidente a extraordinaria e urxente necesidade na aprobación desta norma legal.

Por outra parte, tendo en conta o calendario de tramitación parlamentaria, resultaría imposible a aprobación, dentro deste ano orzamentario 2003, dun proxecto de lei que aprobase este suplemento de crédito, instrumento que, en principio, sería utilizado normalmente de seren outras as circunstancias.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta do ministro de Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de novembro de 2003,

## DISPONGO:

### Artigo 1. *Concesión do suplemento de crédito.*

Concédeselle un suplemento de crédito, por importe de 50 millóns de euros á sección 18 «Ministerio de Educación, Cultura e Deporte», Servicio 03 «Dirección Xeral de Cooperación Territorial e Alta Inspección», programa 423A «Bolsas e axudas a estudantes», capítulo 4 «Transferencias correntes», artigo 48 «A familias e institucións sen fins de lucro», concepto 483 «Bolsas e axudas ó estudio», subconcepto 483.01 «Bolsas e axudas de carácter xeral».

### Artigo 2. *Financiamento do suplemento de crédito.*

O suplemento de crédito que se concede no artigo anterior financiarase con cargo ó crédito 35.01.634A.500 «Fondo de continxencia de execución orzamentaria, artigo 15 da Lei 18/2001», de acordo co establecido no artigo 16 da Lei 18/2001, do 12 de decembro, xeral de estabilidade orzamentaria.

### Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 28 de novembro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

# MINISTERIO DE FACENDA

## 21845 REAL DECRETO 1496/2003, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, e se modifica o Regulamento do imposto sobre o valor engadido. («BOE» 286, do 29-11-2003.)

A correcta xestión dos distintos tributos esixe que a Administración tributaria dispoña dunha adecuada información, especialmente no referente ás transaccións económicas derivadas do desenvolvemento de actividades empresariais ou profesionais. De aí a importancia de que os empresarios e os profesionais cumpran correctamente o deber de expedir factura por cada unha das operacións que realicen sen que iso, por outra parte, deba perturbar o normal desenvolvemento das súas actividades.

Por esta razón, a disposición adicional sétima da Lei 10/1985, do 26 de abril, de modificación parcial da Lei xeral tributaria, estableceu para os empresarios e profesionais a obriga de expediren e entregaren factura polas operacións que realicen.

A partir do contido desta disposición, e en desenvolvemento dela, aprobouse o Real decreto 2402/1985, do 18 de decembro, que regulou ata a actualidade o deber de expedir e entregar factura que incumbe ós empresarios e ós profesionais.

Por outra parte, o artigo 35.2 da Lei 230/1963, do 28 de decembro, xeral tributaria, establece para os suxeitos pasivos a obriga de conservaren os documentos que en cada caso se establezan. De acordo con este precepto, a xustificación documental de gastos, reducións ou minoracións realízase en numerosas ocasións a través da oportuna factura, a cal, por conseguinte, deberá ser conservada durante o prazo de prescrición tributaria, sen prexuízo das obrigas establecidas neste teor pola normativa mercantil.

No concernente ó imposto sobre o valor engadido, ó imposto xeral indirecto canario e ó imposto sobre a produción, os servizos e a importación, a expedición da factura ten un significado especialmente transcendente, xa que nestes tributos a factura vai permitilo correcto funcionamento da súa técnica impositiva, pois a través dela vaise efectuar a súa repercusión, á vez que a posesión dunha factura que cumpra os requisitos que se establecen no regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación vai permitir, se é o caso, que o destinatario da operación practique a dedución das cotas soportadas.

Estas circunstancias quedan recollidas na Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, e en particular, entre outros, no punto un do artigo 164 e no artigo 165, ós cales se deu nova redacción pola Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social. Este regulamento desenvólveos en aplicación da habilitación que se contén naqueles. Pola súa parte, os puntos 1.b) e 4 do artigo 59 da Lei 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico fiscal de Canarias, segundo redacción dada pola Lei 53/2002, do 30 de decembro, conteñen en relación co imposto xeral indirecto canario unha remisión á normativa estatal en materia de facturación. O mesmo cabe dicir do artigo 21.1.c) da Lei 8/1991, do 25 de marzo, pola que se crea o imposto sobre a produción, os servizos e a importación nas cidades de Ceuta e Melilla.

En todo caso, débese sinalar que a existencia da factura como xustificante para o exercicio do dereito á dedución das cotas do imposto sobre o valor engadido

soportado polos empresarios ou profesionais, tal e como dispón o artigo 97 da Lei do imposto, lonxe de configurarse como un medio de proba taxada, débese caracterizar como un requisito de deducibilidade establecido pola normativa comunitaria, e, en consecuencia, pola lei, en virtude do cal as cotas son deducidas polos empresarios ou profesionais na medida en que as ditas cotas foron soportadas, sen prexuízo do cumprimento dos restantes requisitos de deducibilidade establecidos pola lei, o que se acredita con este documento.

En materia de facturación, a normativa comunitaria nesta materia foi moi parca ata data recente, pois limitábase a sinalar uns requisitos mínimos que os Estados membros da Comunidade Europea debían esixir a toda factura. Coa aprobación da Directiva 2001/115/CE do Consello, do 20 de decembro de 2001, reguláronse no ámbito comunitario unha serie de cuestións relativas á facturación, e simplifícouse e harmonizouse a expedición de facturas no ámbito do imposto sobre o valor engadido.

A citada directiva sinala os supostos nos que a expedición de factura é obrigatoria para os empresarios ou profesionais e outros suxeitos pasivos do imposto sobre o valor engadido, á vez que lles permite ós Estados membros establece-la obriga de expedir factura noutros supostos, e autoriza nestes casos a que se simplifique o contido dos documentos que se expidan. Igualmente, establece a obriga para os Estados membros de admiti-la expedición das facturas por parte dos destinatarios das operacións ou por terceiros.

Así mesmo, a directiva establece as mencións que son obrigatorias en toda factura, harmonizando os requisitos que ata o presente lles esixían os Estados membros ás facturas expedidas polas operacións que se debesen considerar efectuadas no seu territorio. Estas mencións deben constar nas facturas a expedición das cales é obrigatoria conforme a directiva, se ben os Estados membros poden autorizar para determinados supostos a expedición de facturas nas que os ditos requisitos se simplifiquen, aínda que hai certas mencións de obrigada consignación.

En relación cos supostos en que a documentación das operacións é decidida por parte dos Estados membros, como ocorre nas operacións realizadas para particulares, as mencións que deben constar nos documentos que se expiden poden ser establecidas libremente por aqueles, tendo en conta que se trata de documentos que non se expiden para seren utilizados como xustificantes do dereito á dedución. Neste marco, o regulamento mantén inalterados os requisitos dos documentos substitutivos das facturas, é dicir, os tickets, que son os que se expiden nestes supostos.

Por último, a directiva imponlles ós Estados membros a obriga de admitiren a utilización das novas tecnoloxías, tanto na remisión de facturas coma na súa conservación.

Por outra parte, hai que ter en conta a evolución producida nas prácticas empresariais desde 1986, data de entrada en vigor do real decreto que regulou ata a actualidade o deber de expedir e entregar factura que incumbe ós empresarios e ós profesionais, o cal, xunto coa aprobación da directiva a que se fixo referencia nos parágrafos anteriores, de obrigada transposición antes do 1 de xaneiro de 2004, obriga a unha revisión en profundidade das normas reguladoras do citado deber de expedición e entrega de factura, que así mesmo será de aplicación no imposto sobre a produción, os servicios e a importación e no imposto xeral indirecto canario en virtude da remisión á normativa estatal a que se fixo referencia.

En todo caso, débese sinalar que a factura, que ten un significado mercantil e fiscal indiscutible, non só debe ser regulada desde a perspectiva dos impostos sobre o volume de vendas, senón tamén respecto da xeneralidade de noso sistema impositivo, sen prexuízo das

especialidades daquel tributo. Xustifícase así a regulación do deber de facturación desde unha perspectiva máis ampla.

Por último, prevense dous supostos específicos en que se fai excepción da obriga de expedir factura por parte dos empresarios ou profesionais que realizan as operacións, permitindo que sexan outros empresarios ou profesionais os que procedan á dita expedición. Trátase das operacións que se realizan no mercado de enerxía eléctrica e de certas prestacións de servicios nas que interveñen en nome e por conta allea axencias de viaxes, supostos ambos nos que as particularidades das operacións que se deben documentar xustifican este tratamento.

O texto regulamentario complétase coa disposición transitoria que establece as condicións nas que se pasa do réxime de facturación previsto polo Real decreto 2402/1985, do 18 de decembro, á nova regulación que se contén no texto que se aproba, e se detalla, en particular, o réxime transitorio para diversas autorizacións concedidas ó abeiro do disposto polo real decreto que se derroga.

Por todas estas razóns, o artigo primeiro deste real decreto aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

Toda norma integrante do ordenamento xurídico debe ser concibida para que a súa comprensión por parte dos destinatarios sexa o máis sinxela posible, de forma que se facilite o cumprimento dos dereitos, dos deberes e das obrigas contidos nela. Dada a extensión e complexidade do novo regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, enténdese oportuna a inclusión dun índice de artigos que permita a rápida localización e situación sistemática dos preceptos deste regulamento.

Por outra parte, o artigo segundo deste real decreto introduce diversas modificacións no Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro.

As modificacións que se introducen no Regulamento do imposto sobre o valor engadido son as seguintes:

En primeiro lugar, engádese un novo artigo, o 24 bis, no que se establecen as normas para o cumprimento do disposto no punto dez do artigo 79 da Lei do imposto con respecto á fixación da base imponible en determinadas operacións efectuadas sobre ouro de investimento adquirido ou importado con exención por quen o achegue para a súa transformación.

Dun teor similar é o novo artigo 26 bis do Regulamento do imposto, co que se pretende facer operativo o novo suposto de tributación ó tipo reducido do catro por cento das entregas de certas vivendas adquiridas por sociedades que as dedicarán ó seu arrendamento e que foi introducido como novidade polo artigo cuarto da Lei 36/2003, do 11 de novembro, de medidas de reforma económica, proveniente do Real decreto lei 2/2003, do 25 de abril, xa que a aplicación deste beneficio fiscal depende do destino que se lle dea á vivenda adquirida por parte da sociedade que efectúa a adquisición.

En segundo lugar, efectúanse unha serie de axustes no artigo 31 do citado regulamento, que desenvolve o procedemento de devolución ós empresarios ou profesionais non establecidos no territorio de aplicación do imposto, co obxecto de adapta-lo seu contido á redacción que a Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, deu ó artigo 119 da Lei do imposto, ó novo réxime especial aplicable ós servicios prestados por vía electrónica, regulado nos artigos 163 bis a 163 quáter da citada Lei 37/1992, do 28 de decembro, engadidos a esta pola Lei 53/2002, do 30 de decembro, ademais de permitir unha xestión máis áxil das ditas devolucions.

Coa finalidade de recolle-los cambios introducidos nos artigos 122, 123 e 124 da Lei do imposto pola Lei 53/2002, do 30 de decembro, adáptase a redacción dos artigos 36, 38, 39 e 43 do devandito regulamento, relativos ós réximes especiais simplificado e da agricultura, gandería e pesca.

Introdúcense, así mesmo, modificacións nos artigos 40, 49 e 51 do Regulamento do imposto, relativos ás obrigas formais correspondentes, respectivamente, ós réximes especiais simplificado, da agricultura, gandería e pesca e dos bens usados, obxectos de arte, antigüidades e obxectos de colección, para coordina-lo contido destes artigos co establecido no Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

Coa mesma finalidade de adapta-lo seu contido á nova normativa en materia de facturación, derrógase o punto 4 do artigo 61 do Regulamento no referente ó réxime especial de recarga de equivalencia.

Ademais, co obxecto de desenvolver regulamentariamente o artigo 134 bis da Lei do imposto, introducido pola Lei 53/2002, do 30 de decembro, engádesse un artigo, o 49 bis, que establece as obrigas formais que se deberán cumprir para realiza-los axustes que se prevén para os supostos de comezo ou cesamento na aplicación do réxime especial da agricultura, gandería e pesca. Tamén en relación con este réxime especial se encontra a nova redacción do punto 2 do artigo 48, coa que se abre a posibilidade de que o pagamento da compensación a tanto alzado propia do réxime especial se faga efectivo de forma fraccionada a medida que son recibidas por parte do titular da explotación cantidades á conta do prezo dos bens ou servicios pola entrega ou prestación dos cales se ten dereito á súa percepción.

En consonancia coas modificacións que produce a aprobación do Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, procédese á revisión das obrigas existentes en materia de libros rexistro para os efectos do imposto sobre o valor engadido. Por tal razón, modifícase a redacción dos artigos 62, 63, 64, 68 e 69 do Regulamento.

Por outro lado, adáptanse os artigos 3 e 81 do texto regulamentario para recoller en euros os limiares aplicables, respectivamente, para determina-la non suxeición de certas adquisicións intracomunitarias de bens e para a presentación da declaración recapitulativa con periodicidade anual, respectivamente.

Tamén se dá nova redacción ó artigo 82 do Regulamento do imposto, relativo ó nomeamento de representante, co obxecto de tomar en consideración a redacción que a Lei 24/2001, do 27 de decembro, lle deu ó artigo 164.un.7.º da Lei do imposto.

Finalmente, engádesse unha nova disposición adicional, a sexta, ó Regulamento do imposto, que trae causa da regulación contida na disposición adicional décimo primeira da Lei 66/1997, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, en relación coa xestión de determinadas taxas e prezos que constitúan contraprestación de operacións suxeitas ó imposto.

No artigo terceiro do real decreto inclúense unha serie de disposicións, convenientemente actualizadas, que ata a súa aprobación se contiñan no Real decreto 2402/1985, que se derroga. Estas disposicións teñen que ver coa xustificación documental de certas operacións financeiras para os efectos tributarios. Trátase de supostos en que se recollen certos documentos que se expiden habitualmente, ben que, coa finalidade de respecta-la coherencia interna do Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, que se refire a un único documento, que é a factura, e ós documentos que se expiden en substitución desta, considerouse oportuno o seu mantemento a través dunha disposición distinta ó propio regulamento.

Por último, adécuese o desenvolvemento regulamentario da disposición adicional única da Lei 9/1998, do 21 de abril, pola que se modifica a Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido no relativo ó reembolso do imposto nas importacións de bens mediante axentes de aduanas e persoas ou entidades que actúen en nome propio e por conta dos importadores, tendo en conta a redacción que a Lei 53/2002, do 30 de decembro, lle deu a aquela.

Todo o anterior xustifica a aprobación deste real decreto, que foi sometido a informe previo da Comunidade Autónoma de Canarias.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de novembro de 2003,

## DISPÓN O :

Artigo primeiro. *Aprobación do Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.*

Apróbase o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación, o texto do cal se insire a continuación deste real decreto.

Artigo segundo. *Modificacións do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo artigo 1 do Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro.*

O Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, modifícase nos seguintes termos:

Un. Modifícase o punto 1 do artigo 3, que queda redactado como segue:

«1. As persoas ou entidades comprendidas no artigo 14.un da Lei do imposto poderán optar pola suxeición a este polas adquisicións intracomunitarias de bens que realicen, mesmo cando non superasen no ano natural en curso ou no precedente o límite de 10.000 euros.»

Dous. Engádesse un novo artigo 24 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 24 bis. *Base impositiva para certas operacións.*

Nas operacións en que a base impositiva se deba determinar conforme o disposto polo artigo 79 dez da Lei do imposto, a concorrencia ou non dos requisitos que establece o dito precepto poderase acreditar mediante unha declaración escrita asinada polo destinatario destas dirixida ó suxeito pasivo na que aquel faga constar, baixo a súa responsabilidade, que o ouro achegado foi adquirido ou importado con exención do imposto por aplicación do disposto no artigo 140 bis.un.1.º da Lei do imposto, ou non foi así.»

Tres. O actual artigo 24 bis pasa a ser artigo 24 ter.  
Catro. Engádesse un novo artigo 26 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 26 bis. *Tipo impositivo reducido.*

Para os efectos do previsto no artigo 91.dous.1.6.º, parágrafo segundo, da Lei do imposto, as circunstancias de que o destinatario aplica o réxime especial previsto no capítulo III do título VIII da Lei 43/1995,



do 27 de decembro, do imposto sobre sociedades, e de que ás rendas derivadas do seu posterior arrendamento lles é aplicable a bonificación establecida no artigo 68 quinquies.1.b) da dita lei, poderanse acreditar mediante unha declaración escrita asinada polo referido destinatario dirixida ó suxeito pasivo, na que aquel faga constar, baixo a súa responsabilidade, o seu cumprimento.

De media-las circunstancias previstas no artigo 87.un.1.º da Lei do imposto, o citado destinatario responderá solidariamente da débeda tributaria correspondente, sen prexuízo, así mesmo, da aplicación do disposto no artigo 170.dous.2.º da mesma lei.»

Cinco. Modifícase o artigo 31, que queda redactado como segue:

«Artigo 31. *Devolucións a determinados empresarios ou profesionais non establecidos no territorio de aplicación do imposto.*

1. O exercicio do dereito á devolución previsto no artigo 119 da Lei do imposto quedará condicionado ó cumprimento dos seguintes requisitos:

a) O interesado, ou o seu representante, deberá solicita-la devolución do imposto no impreso suxeito a modelo oficial que sexa aprobado polo ministro de Facenda, ó cal se lle xuntarán os seguintes documentos:

1.º Declaración subscrita polo interesado ou o seu representante na que manifieste que non realiza, no territorio de aplicación do imposto, operacións distintas das indicadas no artigo 119.dous.2.º da lei. Cando se trate dun empresario ou profesional titular dun establecemento permanente situado no territorio de aplicación do imposto, deberase manifestar na dita declaración que o interesado non realiza entregas de bens nin prestacións de servicios desde o dito establecemento permanente.

Os empresarios ou profesionais non establecidos na Comunidade Europea que se acollan ó réxime especial aplicable ós servicios prestados por vía electrónica, regulado nos artigos 163 bis a 163 quáter da Lei do imposto, non estarán obrigados ó cumprimento do disposto neste ordinal 1.º

2.º Compromiso subscrito polo interesado ou o seu representante de reembolsarlle á Facenda pública o importe das devolucións que resulten improcedentes.

b) O interesado ou o seu representante deberá manter á disposición da Administración tributaria, durante o prazo de prescrición do imposto, unha certificación expedida polas autoridades competentes do Estado onde radique o establecemento do interesado, en que se acredite que realiza no dito Estado actividades empresariais ou profesionais suxeitas ó imposto sobre o valor engadido ou a un tributo análogo durante o período en que se devengasen as cotas das cales se solicita a devolución.

c) Os orixinais das facturas e demais documentos xustificativos do dereito á devolución deberanse manter á disposición da Administración tributaria durante o prazo de prescrición do imposto.

d) A Axencia Estatal de Administración Tributaria será a competente para a tramitación e resolución das solicitudes de devolución reguladas neste artigo.

e) As solicitudes de devolución poderanse referir ás cotas soportadas durante un trimestre natural ou no curso dun ano natural. Tamén se poderán referir a un período inferior a un trimestre cando

constitúan o conxunto de operacións realizadas nun ano natural.

O prazo para a presentación das mencionadas solicitudes concluirá ó termo dos seis meses seguintes ó ano natural no que se soportasen as cotas a que se refiran aquelas.

f) Non serán admisibles as solicitudes de devolución por un importe global inferior a 200 euros.

Non obstante, poderanse admitir as solicitudes de devolución por un importe superior a 25 euros cando o período de referencia sexa o ano natural.

2. A decisión respecto á solicitude de devolución deberase adoptar e notificárselle ó interesado ou ó seu representante durante os seis meses seguintes á data da súa presentación, e ordenarase no dito prazo o pagamento, se é o caso, do importe da devolución.

3. Transcorrido o prazo establecido no punto anterior para notificar-lo acordo adoptado sen que se ordenase o pagamento da devolución por causa imputable á Administración tributaria, aplicaráselle á cantidade pendente de devolución os xuros de demora a que se refire o artigo 58.2.c) da Lei xeral tributaria, desde o día seguinte ó da finalización do devandito prazo e ata a data do ordenamento do seu pagamento, sen necesidade de que o interesado así o reclame.»

Seis. Modifícase o artigo 36, que queda redactado como segue:

«Artigo 36. *Exclusión do réxime simplificado.*

1. Son circunstancias determinantes da exclusión do réxime simplificado as seguintes:

a) Ter superado os límites que, para cada actividade, determine o ministro de Facenda, con efectos no ano inmediato posterior a aquel en que se produza esta circunstancia, salvo no suposto de inicio da actividade, en que a exclusión terá efectos a partir do momento de comezo daquela. Os suxeitos pasivos previamente excluídos por esta causa que non superen os citados límites en exercicios sucesivos quedarán sometidos ó réxime simplificado, salvo que renuncien a el.

b) Ter superado nun ano natural, e para o conxunto das operacións que se indican a continuación, un importe de 450.000 euros:

1.<sup>a</sup> As que se deban anotar nos libros rexistro previstos no artigo 40.1, parágrafo terceiro, e no artigo 47.1 deste regulamento.

2.<sup>a</sup> Aquelas polas que os suxeitos pasivos estean obrigados a expedir factura, con excepción das operacións comprendidas no artigo 121.tres da Lei do imposto e dos arrendamentos de bens inmobles a realización dos cales non supoña o desenvolvemento dunha actividade económica de acordo co disposto na normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Cando no ano inmediato anterior se iniciase unha actividade, o dito importe elevarase ó ano.

Os efectos desta causa de exclusión terán lugar no ano inmediato posterior a aquel en que se produza. Os suxeitos pasivos previamente excluídos por esta causa que non superen os citados límites en exercicios sucesivos quedarán sometidos ó réxime simplificado, salvo que renuncien a el.

c) Modificación normativa do ámbito obxectivo de aplicación do réxime simplificado que determine a non aplicación do devandito réxime ás actividades empresariais realizadas polo suxeito pasivo, con efectos a partir do momento que fixe a correspon-

dente norma de modificación do devandito ámbito obxectivo.

d) Ter quedado excluído da aplicación do réxime de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas.

e) Realizar actividades non acollidas ós réximes especiais simplificado, da agricultura, gandería e pesca ou da recarga de equivalencia. Non obstante, a realización polo suxeito pasivo doutras actividades no desenvolvemento das cales efectúe exclusivamente operacións exentas do imposto por aplicación do artigo 20 da súa lei reguladora ou arrendamentos de bens inmobles a realización dos cales non supoña o desenvolvemento dunha actividade económica de acordo co disposto na normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas non suporá a exclusión do réxime simplificado.

f) Ter superado nun ano natural o importe de 300.000 euros anuais, excluído o imposto sobre o valor engadido, polas adquisicións ou importacións de bens e servizos para o conxunto das actividades empresariais ou profesionais do suxeito pasivo, excluídas as relativas a elementos do inmovilizado.

Cando o ano inmediato anterior se iniciase unha actividade o importe das citadas adquisicións e importacións elevarase ó ano.

Os efectos desta causa de exclusión terán lugar no ano inmediato posterior a aquel en que se produza. Os suxeitos pasivos previamente excluídos por esta causa que non superen os citados límites en exercicios sucesivos quedarán sometidos ó réxime simplificado, salvo que renuncien a el.

2. O previsto nos parágrafos d) e e) do punto anterior terá efectos a partir do ano inmediato posterior a aquel en que se produzan, salvo que o suxeito pasivo non viñese realizando actividades empresariais ou profesionais; en tal caso a exclusión terá efectos desde o momento en que se produza o inicio de tales actividades.

3. Cando no desenvolvemento de actuacións de comprobación e investigación da situación tributaria do suxeito pasivo se constate a existencia de circunstancias determinantes da exclusión do réxime simplificado, procederase á súa oportuna regularización en réxime xeral.»

Sete. Modifícase o artigo 38, que queda redactado como segue:

«Artigo 38. *Contido do réxime simplificado.*

1. A determinación das cotas que hai que ingresar a que se refire o artigo 123.un.A) da Lei do imposto será efectuada polo propio suxeito pasivo, calculando o importe total das cotas devengadas mediante a imputación á súa actividade económica dos índices e módulos que, con referencia concreta a cada actividade e polo período de tempo anual correspondente, fíxase o ministro de Facenda, e poderá deducir do devandito importe as cotas soportadas ou satisfeitas pola adquisición ou importación de bens e servizos referidos no artigo 123.un.A), parágrafo segundo.

O ministro de Facenda poderá establecer, no procedemento que desenvolva o cálculo do previsto no parágrafo anterior, un importe mínimo das cotas que hai que ingresar para cada actividade a que se lle aplique este réxime especial.

2. Para os efectos do previsto no artigo 123.un.C) da Lei do imposto, a dedución das cotas soportadas ou satisfeitas pola adquisición de acti-

vos fixos, considerándose como tales os elementos do inmovilizado, practícarase conforme o capítulo I do título VIII da dita lei. Non obstante, cando o suxeito pasivo liquide na declaración-liquidación do último período do exercicio as cotas correspondentes a adquisicións intracomunitarias de activos fixos, ou a adquisicións de tales activos con investimento do suxeito pasivo, a dedución das ditas cotas non se poderá efectuar nunha declaración-liquidación anterior a aquela en que se liquiden tales cotas.

A percepción de subvencións de capital concedidas para financiar a compra de determinados bens e servizos, adquiridos en virtude de operacións suxeitas e non exentas do imposto, minorarán exclusivamente o importe da dedución das cotas soportadas ou satisfeitas polas ditas operacións na mesma medida en que contribuísen ó seu financiamento. A minoración das deducións practícarase na declaración-liquidación do último período do ano en que se percibisen, e regularizaranse as deducións que se practicasen anteriormente, sen que, en ningún caso, iso supoña o pagamento de xuros ou recargas.

O disposto no parágrafo anterior non será de aplicación ás subvencións a que se refire o artigo 104.dous.2.º, parágrafo terceiro, da Lei do imposto.

3. Cando o desenvolvemento de actividades ás que resulte de aplicación o réxime simplificado se vise afectado por incendios, inundacións ou outras circunstancias excepcionais que afectasen a un sector ou zona determinada, o ministro de Facenda poderá autorizar, con carácter excepcional, a redución dos índices ou módulos.

4. Cando o desenvolvemento de actividades ás que resulte de aplicación o réxime simplificado se vise afectado por incendios, inundacións, afundimentos ou grandes avarías no equipo industrial que supoñan alteracións graves no desenvolvemento da actividade, os interesados poderán solicitar a redución dos índices ou módulos na administración ou delegación da Axencia Estatal de Administración Tributaria correspondente ó seu domicilio fiscal no prazo de 30 días contados desde a data en que se produzan as ditas circunstancias, e achegarán as probas que consideren oportunas. Acreditada a efectividade das ditas alteracións ante a Administración tributaria, acordarase a redución dos índices ou módulos que proceda.

Así mesmo, conforme o mesmo procedemento indicado no parágrafo anterior, poderase solicitar a redución dos índices ou módulos nos casos en que o titular da actividade se encontre en situación de incapacidade temporal e non teña outro persoal empregado.»

Oito. Modifícase o artigo 39, que queda redactado como segue:

«Artigo 39. *Periodificación dos ingresos.*

O resultado de aplicalo disposto no artigo anterior será determinado polo suxeito pasivo ó termo de cada ano natural, realizándose, sen embargo, nas declaracións-liquidacións correspondentes ós tres primeiros trimestres deste o ingreso á conta dunha parte do devandito resultado, calculado conforme o procedemento que estableza o ministro de Facenda.

A liquidación das operacións a que se refire o artigo 123.un.B) da Lei do imposto efectuarase na declaración-liquidación correspondente ó período

de liquidación en que se devengue o imposto. Non obstante, o suxeito pasivo poderá liquidar as operacións comprendidas neste parágrafo na declaración-liquidación correspondente ó último período do ano natural.»

Novo. Modifícase o artigo 40, que queda redactado como segue:

«Artigo 40. *Obrigas formais.*

1. Os suxeitos pasivos acollidos ó réxime simplificado deberán levar un libro rexistro de facturas recibidas no que anotarán as facturas e documentos relativos ás adquisicións e importacións de bens e servizos polos que se soportase ou satisfíxese o imposto e destinados á súa utilización nas actividades polas que resulte aplicable o referido réxime especial. Neste libro rexistro deberán anotar coa debida separación as importacións e adquisicións dos activos fixos a que se refire o artigo 123.un.B) e C) da Lei do imposto, e faranse constar, en relación con estes últimos, tódolos datos necesarios para efectuar as regularizacións que, se é o caso, se tivesen que realizar.

Os suxeitos pasivos que realicen outras actividades ás que non lles sexa aplicable o réxime simplificado deberán anotar coa debida separación as facturas relativas ás adquisicións correspondentes a cada sector diferenciado de actividade.

Os suxeitos pasivos acollidos ó réxime simplificado por actividades, os índices ou módulos das cales operen sobre o volume de ingresos realizado deberán levar así mesmo un libro rexistro no que anotarán as operacións efectuadas en desenvolvemento das referidas actividades.

2. Os suxeitos pasivos acollidos a este réxime deberán conservar os xustificantes dos índices ou módulos aplicados de conformidade co que, se é o caso, prevexa a orde ministerial que os aprobe.»

Dez. Modifícase o artigo 43, que queda redactado como segue:

«Artigo 43. *Ámbito subxectivo de aplicación.*

1. O réxime especial da agricultura, gandería e pesca seralles de aplicación ós titulares de explotacións agrícolas, forestais, gandeiras ou pesqueiras en que concorran os requisitos sinalados na Lei do imposto e neste regulamento, sempre que non renunciaren a el conforme o previsto no artigo 33 deste último.

2. Quedarán excluídos do réxime especial da agricultura, gandería e pesca:

a) Os suxeitos pasivos que superen, para o conxunto das operacións relativas ás actividades comprendidas naquel, un importe de 300.000 euros durante o ano inmediato anterior, salvo que a normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas establecese outra cifra para os efectos da aplicación do réxime de estimación obxectiva para a determinación do rendemento das actividades a que se refire o punto anterior, neste caso haberase que ater a esta última.

b) Os suxeitos pasivos que superen, para a totalidade das operacións realizadas, durante o ano inmediato anterior un importe de 450.000 euros.

c) Os suxeitos pasivos que superasen no ano inmediato anterior o importe de 300.000 euros anuais, excluído o imposto sobre o valor engadido, polas adquisicións ou importacións de bens e servizos para o conxunto das actividades empresariais ou profesionais do suxeito pasivo, excluídas as relativas a elementos do inmovilizado.

Cando o ano inmediato anterior se iniciase unha actividade, os importes citados nos parágrafos anteriores elevaranse ó ano.

3. A determinación do importe de operacións a que se refiren os parágrafos a) e b) do punto 2 anterior efectuarase aplicando as seguintes regras:

a) No caso de operacións realizadas no desenvolvemento de actividades ás que resultase aplicable o réxime simplificado, o réxime especial da agricultura, gandería e pesca ou o réxime especial da recarga de equivalencia computarase unicamente aquelas que se deban anotar nos libros rexistro a que se refiren o artigo 40.1, parágrafo terceiro, e o artigo 47.1, ambos deste regulamento, excepto as operacións a que se refire o artigo 121.tres da Lei do imposto, así como aquelas polas que exista obriga de expedir factura.

b) No caso de operacións realizadas no desenvolvemento de actividades que tributasen polo réxime xeral do imposto ou un réxime especial distinto dos mencionados no parágrafo a) anterior, estas computarase segundo o disposto no artigo 121 da Lei do imposto. Non obstante, non se computarán as operacións de arrendamento de bens inmoventes a realización dos cales non supoña o desenvolvemento dunha actividade económica de acordo co disposto na normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.

4. A renuncia ó réxime especial da agricultura, gandería e pesca deberase efectuar na forma e nos prazos previstos polo artigo 33 deste regulamento. A renuncia ó devandito réxime polas entidades en réxime de atribución de rendas no imposto sobre a renda das persoas físicas deberá ser formulada por tódolos socios, herdeiros, comuneiros ou partícipes.

5. Non se considerarán titulares de explotacións agrícolas, forestais, gandeiras ou pesqueiras para efectos deste réxime especial:

a) Os propietarios de predios ou explotacións que os cedan en arrendamento ou en parcería ou que de calquera outra forma cedan a súa explotación.

b) Os que realicen explotacións gandeiras en réxime de gandería integrada.»

Once. Modifícase o punto 2 do artigo 48, que queda redactado como segue:

«2. O reintegro das compensacións que, de acordo co disposto no artigo 131.2.º da Lei do imposto, deba ser efectuado polo adquirente dos bens ou o destinatario dos servizos comprendidos no réxime especial realizarase no momento en que teña lugar a entrega dos produtos agrícolas, forestais, gandeiros ou pesqueiros ou se presten os servizos accesorios indicados, calquera que sexa o día fixado para o pagamento do prezo que lle sirva de base. O reintegro documentarase mediante a expedición do recibo ó que se refire o artigo 14.1 do Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, o reintegro das compensacións poderase efectuar, mediando acordo entre os interesados, no momento do cobramento total ou parcial do prezo correspondente ós bens ou servizos de que se trate e en proporción a eles.»

Doce. Modifícase o artigo 49, que queda redactado como segue:



«Artigo 49. *Deducción das compensacións.*

1. Para exercer-lo dereito á deducción das compensacións a que se refire o artigo 134 da Lei do imposto, os empresarios ou profesionais que as satisfixesen deberán estar en posesión do recibo expedido por eles mesmos a que se refire o artigo 14.1 do Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. O dito documento constituirá o xustificante das adquisicións efectuadas para os efectos da referida deducción.

2. Os citados documentos unicamente xustificarán o dereito á deducción cando se axusten ó disposto no artigo 14 do mencionado regulamento e se anoten nun libro rexistro especial que os ditos adquirentes deberán cubrir. A este libro rexistro seranlle aplicables, en canto resulten procedentes, os mesmos requisitos que se establecen para o libro rexistro de facturas recibidas.

3. Os orixinais e as copias dos recibos a que se refire os puntos 1 e 2 anteriores conservaranse durante o prazo de prescrición do imposto.»

Trece. Engádesse un novo artigo 49 bis, coa seguinte redacción:

«Artigo 49 bis. *Comezo ou cesamento na aplicación do réxime especial.*

1. Nos supostos de actividades xa en curso, respecto das cales se produza a iniciación ou o cesamento na aplicación deste réxime especial, o titular das respectivas explotacións agrícolas, gandeiras, forestais ou pesqueiras deberá confeccionar un inventario das súas existencias de bens destinados a ser utilizados nas súas actividades e respecto dos cales resulte aplicable o réxime especial, con referencia ó día inmediatamente anterior ó de iniciación ou cesamento na aplicación daquel.

Así mesmo, no devandito inventario deberán constar os produtos naturais obtidos nas respectivas explotacións que non se tivesen entregado na data do cambio de réxime de tributación.

O referido inventario, asinado polo dito titular, deberá ser presentado na administración ou delegación da Axencia Estatal de Administración Tributaria correspondente ó seu domicilio fiscal no prazo de 15 días a partir do día de comezo ou cesamento na aplicación do réxime especial.

2. A deducción derivada da regularización das situacións a que se refire o mencionado inventario deberase efectuar na declaración-liquidación correspondente ó período de liquidación en que se producise o cesamento na aplicación do réxime especial.

O ingreso derivado da citada regularización que se debe realizar en caso de inicio na aplicación do réxime especial deberase efectuar mediante a presentación dunha declaración-liquidación especial de carácter non periódico, que se presentará no lugar, forma, prazos e impresos que estableza o ministro de Facenda.»

Catorce. Modifícase o artigo 51, que queda redactado como segue:

«Artigo 51. *Obrigas formais e rexistrais específicas.*

Ademais das establecidas con carácter xeral, os suxeitos pasivos que apliquen o réxime especial dos bens usados, obxectos de arte, antigüidades e obxectos de colección deberán cumprir, respecto das operacións afectadas polo referido réxime especial, as seguintes obrigas específicas:

a) Levar un libro rexistro específico en que se anotarán, de maneira individualizada e coa debida

separación, cada unha das adquisicións, importacións e entregas, realizadas polo suxeito pasivo, ás cales lles resulte aplicable a determinación da base imponible mediante a marxe de beneficio de cada operación.

O dito libro deberá reflecti-los seguintes datos:

- 1.º Descrición do ben adquirido ou importado.
- 2.º Número de factura, documento de compra ou documento de importación do devandito ben.
- 3.º Prezo de compra.
- 4.º Número da factura ou documento substitutivo expedido polo suxeito pasivo con ocasión da transmisión do devandito ben.
- 5.º Prezo de venda.
- 6.º Imposto sobre o valor engadido correspondente á venda ou, se é o caso, indicación da exención aplicada.
- 7.º Indicación, se é o caso, da aplicación do réxime xeral na entrega dos bens.

b) Levar un libro rexistro específico, distinto do indicado no parágrafo a) anterior, no que se anotarán as adquisicións, importacións e entregas, realizadas polo suxeito pasivo durante cada período de liquidación, ás que resulte aplicable a determinación da base imponible mediante a marxe de beneficio global.

O dito libro deberá reflecti-los seguintes datos:

- 1.º Descrición dos bens adquiridos, importados ou entregados en cada operación.
- 2.º Número de factura ou documento de compra ou documento de importación dos bens.
- 3.º Prezo de compra.
- 4.º Número de factura ou documento substitutivo, emitido polo suxeito pasivo con ocasión da transmisión dos bens.
- 5.º Prezo de venda.
- 6.º Indicación, se é o caso, da exención aplicada.
- 7.º Valor das existencias iniciais e finais correspondentes a cada ano natural, para os efectos de practica-la regularización prevista no artigo 137.dous da Lei do imposto. Para o cálculo destes valores aplicaranse as normas de valoración establecidas no Plan xeral de contabilidade.

c) Nos supostos de iniciación ou cesamento e para os efectos da regularización prevista no artigo 137.dous.6.<sup>a</sup> da Lei do imposto, os suxeitos pasivos deberán confeccionar inventarios das súas existencias, respecto das cales resulte aplicable a modalidade da marxe de beneficio global para determina-la base imponible, con referencia ó día inmediatamente anterior ó de iniciación ou cesamento na aplicación daquela.

Os mencionados inventarios, asinados polo suxeito pasivo, deberán ser presentados na delegación ou administración da Axencia Estatal de Administración Tributaria correspondente ó seu domicilio fiscal no prazo de 15 días a partir do día de comezo ou cesamento na aplicación da mencionada modalidade de determinación da base imponible.»

Quince. Queda derogado o punto 4 do artigo 61. Dezaséis. Modifícase o artigo 62, que queda redactado como segue:

«Artigo 62. *Libros rexistros do imposto sobre o valor engadido.*

1. Os empresarios ou profesionais e outros suxeitos pasivos do imposto sobre o valor engadido

deberán levar, con carácter xeral e nos termos dispostos por este regulamento, os seguintes libros rexistros:

- a) Libro rexistro de facturas expedidas.
- b) Libro rexistro de facturas recibidas.
- c) Libro rexistro de bens de investimento.
- d) Libro rexistro de determinadas operacións intracomunitarias.

2. O disposto no punto anterior non será de aplicación respecto das actividades acollidas ós réximes especiais simplificado, da agricultura, gandería e pesca, da recarga de equivalencia e do aplicable ós servizos prestados por vía electrónica, coas excepcións establecidas nas normas reguladoras dos ditos réximes especiais, nin respecto das entregas a título ocasional de medios de transporte novos realizadas polas persoas a que se refire o artigo 5.un.e) da Lei do imposto.

3. Os libros ou rexistros, incluídos os de carácter informático que, en cumprimento das súas obrigas fiscais ou contables, deban leva-los empresarios ou profesionais e outros suxeitos pasivos do imposto sobre o valor engadido, poderán ser utilizados para os efectos deste imposto, sempre que se axusten ós requisitos que se establecen neste regulamento.

4. Aqueles que fosen titulares de diversos establecementos situados no territorio de aplicación do imposto poderán levar, en cada un deles, os libros rexistros establecidos no punto 1, nos que anotarán por separado as operacións efectuadas desde os ditos establecementos, sempre que os asentos resumos destes se trasladen ós correspondentes libros rexistros xerais que se deberán levar no domicilio fiscal.

5. O Departamento de Xestión Tributaria da Axencia Estatal de Administración Tributaria poderá autorizar, logo das comprobacións que considere oportunas, a substitución dos libros rexistros mencionados no punto 1 por sistemas de rexistro diferentes, así como a modificación dos requisitos esixidos para as anotacións rexistradas, sempre que respondan á organización administrativa e contable dos empresarios ou profesionais ou suxeitos pasivos e, ó mesmo tempo, quede garantida plenamente a comprobación das súas obrigas tributarias polo imposto sobre o valor engadido. As ditas autorizacións serán revogables en calquera momento.»

Dezasete. Modifícase o artigo 63, que queda redactado como segue:

«Artigo 63. *Libro rexistro de facturas expedidas.*

1. Os empresarios ou profesionais deberán levar e conservar un libro rexistro das facturas e documentos substitutivos que expedisen, no que se anotarán, coa debida separación, o total dos referidos documentos.

A mesma obriga incumbirá a aqueles que, sen te-la condición de empresarios ou profesionais para os efectos do imposto sobre o valor engadido, sexan suxeitos pasivos deste, en relación coas facturas que expidan na súa condición de tales.

2. Será válida, sen embargo, a realización de asentos ou anotacións, por calquera procedemento idóneo, sobre follas separadas, que despois deberán ser numeradas e encadernadas correlativamente para forma-lo libro mencionado no punto anterior.

3. No libro rexistro de facturas expedidas inscribíranse, unha por unha, as facturas ou documentos substitutivos expedidos, reflectindo o número

e, se é o caso, a serie, a data de expedición, a identificación do destinatario, a base impositiva ou o importe das operacións e, se é o caso, o tipo impositivo e a cota tributaria.

4. A anotación individualizada das facturas ou documentos substitutivos a que se refire o punto anterior poderase substituír pola de asentos resumos nos que se farán consta-la data, os números, a base impositiva global, ou o tipo impositivo e a cota global de facturas ou documentos substitutivos numerados correlativamente e expedidos na mesma data cun importe total conxunto, imposto sobre o valor engadido non incluído, que non exceda de 6.000 euros.

Igualmente será válida a anotación dunha mesma factura en varios asentos correlativos cando inclúa operacións que tributen a distintos tipos impositivos.

5. As facturas a que se refire o artigo 2.3 do Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación deberán ser anotadas neste libro rexistro coa debida separación, reflectindo o número, a data de expedición, a identificación do proveedor, a natureza da operación, a base impositiva, o tipo impositivo e a cota.

6. Igualmente, deberán anotarse por separado as facturas ou documentos substitutivos rectificativos a que se refire o artigo 13 do regulamento citado no punto anterior, consignando así mesmo os datos citados no dito punto.»

Dezaioito. Modifícase o artigo 64, que queda redactado como segue:

«Artigo 64. *Libro rexistro de facturas recibidas.*

1. Os empresarios ou profesionais, para os efectos do imposto sobre o valor engadido, deberán numerar correlativamente tódalas facturas e documentos de aduanas correspondentes ós bens adquiridos ou importados e ós servizos recibidos no desenvolvemento da súa actividade empresarial ou profesional. Esta numeración poderase realizar mediante series separadas sempre que existan razóns que o xustifiquen.

2. Os documentos a que se refire o punto anterior anotaranse no libro rexistro de facturas recibidas.

En particular, anotaranse as facturas correspondentes ás entregas que dean lugar ás adquisicións intracomunitarias de bens suxeitas ó imposto efectuadas polos empresarios ou profesionais.

Igualmente, deberán anotarse as facturas a que se refire o punto 5 do artigo anterior.

3. Será válida, sen embargo, a realización de asentos ou anotacións, por calquera procedemento idóneo, sobre follas separadas que, despois, deberán ser numeradas e encadernadas correlativamente para forma-lo libro regulado neste artigo.

4. No libro rexistro de facturas recibidas anotaranse, unha por unha, as facturas recibidas e, se é o caso, os documentos de aduanas e os demais indicados anteriormente, reflectindo o seu número de recepción, a data, o nome e apelidos ou razón social do obrigado á súa expedición, base impositiva e, se é o caso, o tipo impositivo e cota.

No caso das facturas a que se refire o parágrafo segundo do punto 2, as cotas tributarias correspondentes ás adquisicións intracomunitarias de bens a que dean lugar as entregas nelas documentadas deberán calcularse e consignarse na anotación relativa ás ditas facturas.

5. Poderase facer un asento resumo global das facturas recibidas nunha mesma data, no que se



farán consta-los números das facturas recibidas asignados polo destinatario, a suma global da base imponible e a cota impositiva global, sempre que o importe total conxunto, imposto sobre o valor engadido non incluído, non exceda de 6.000 euros, e que o importe das operacións documentadas en cada unha delas non supere 500 euros, imposto sobre o valor engadido non incluído.

Igualmente será válida a anotación dunha mesma factura en varios asentos correlativos cando inclúa operacións que tributen a distintos tipos impositivos.»

Dezanove. Modifícase o artigo 68, que queda redactado como segue:

«Artigo 68. *Requisitos formais.*

1. Tódolos libros rexistro mencionados neste regulamento deberán ser levados, calquera que sexa o procedemento utilizado, con claridade e exactitude, por orde de datas, sen espazos en branco e sen interpolacións, raias nin riscadas. Deberanse salvar a continuación, inmediatamente que se advirtan, os erros ou omisións padecidos nas anotacións rexistras.

As anotacións rexistras deberanse facer expresando os valores en euros. Cando a factura se expedise nunha unidade de conta ou divisa distinta do euro, terase que efectua-la correspondente conversión para o seu reflexo nos libros rexistro.

2. Os requisitos mencionados no punto anterior entenderanse sen prexuízo dos posibles espazos en branco no libro rexistro de bens de investimento, en previsión da realización dos sucesivos cálculos e axustes do rateo definitivo.

3. As páxinas dos libros rexistros deberán estar numeradas correlativamente.»

Vinte. Modifícase o artigo 69, que queda redactado como segue:

«Artigo 69. *Prazos para as anotacións rexistras.*

1. As operacións que deban ser obxecto de anotación rexistral deberanse encontrar asentadas nos correspondentes libros rexistros no momento en que se realice a liquidación e pagamento do imposto relativo ás ditas operacións ou, en calquera caso, antes de que finalice o prazo legal para realiza-la referida liquidación e pagamento en período voluntario.

2. Non obstante, as operacións efectuadas polo suxeito pasivo respecto das cales non se expidan facturas ou se expidisen documentos substitutivos deberanse anotar no prazo de sete días a partir do momento da realización das operacións ou da expedición dos documentos, sempre que este prazo sexa menor que o sinalado no punto anterior.

3. As facturas recibidas deberanse anotar no correspondente libro rexistro pola orde en que se reciban, e dentro do período de liquidación en que proceda efectua-la súa deducción.

4. As operacións a que se refire o artigo 66.1 deberanse anotar no prazo de sete días a partir do momento de inicio da expedición ou transporte dos bens a que se refiren.»

Vinteun. Modifícase o punto 3 do artigo 81, que queda redactado como segue:

«3. Non obstante o disposto no punto anterior, o ministro de Facenda poderá autorizar que as declaracións recapitulativas se refiran ó ano natural respecto daqueles suxeitos pasivos en que concurran as dúas circunstancias seguintes:

a) Que o importe total das entregas de bens e prestacións de servizos, excluído o imposto sobre o valor engadido, realizadas durante o ano natural anterior non superase 35.000 euros.

b) Que o importe total das entregas de bens, que non sexan medios de transporte novos, exentas do imposto de acordo co disposto no artigo 25.un e tres da Lei do imposto realizadas durante o ano natural anterior, non exceda de 15.000 euros.»

Vintedous. Modifícase o artigo 82, que queda redactado como segue:

«Artigo 82. *Obrigas dos suxeitos pasivos non establecidos.*

1. De conformidade co previsto no artigo 164.un.7.º da Lei do imposto, e sen prexuízo do establecido no punto 3 seguinte, os suxeitos pasivos non establecidos no territorio de aplicación do imposto estarán obrigados a nomear e poñer en coñecemento da Administración tributaria, con anterioridade á realización das operacións suxeitas, unha persoa física ou xurídica con domicilio no dito territorio para que os represente en relación co cumprimento das obrigas establecidas na dita lei e neste regulamento.

Esta obriga non existirá en relación cos suxeitos pasivos que se encontren establecidos en Canarias, Ceuta ou Melilla, noutro Estado membro da Comunidade Europea ou nun Estado co que existan instrumentos de asistencia mutua análogos ós instituídos na Comunidade Europea, ou que se acollan ó réxime especial aplicable ós servizos prestados por vía electrónica.

2. Os suxeitos pasivos non establecidos no territorio de aplicación do imposto que realicen exclusivamente as operacións exentas recollidas nos artigos 23 e 24 da Lei do imposto non terán que cumprir-las obrigas formais a que se refire o artigo 164 da mesma lei.

3. O disposto neste artigo enténdese sen prexuízo do previsto no artigo 119.tres da Lei do imposto.»

Vintetrés. Engádesse unha nova disposición adicional sexta, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional sexta. *Obriga de xestión de determinadas taxas e prezos, que constitúan contraprestación de operacións realizadas pola Administración, suxeitas ó imposto sobre o valor engadido.*

1. Os contribuíntes e os substitutos do contribuínte, así como aqueles que estean obrigados legalmente no seu prazo voluntario a recadar, por conta do titular ou do concesionario dun servizo ou actividade pública, as taxas ou prezos que constitúan as contraprestacións daquelas estarán sometidos, cando a operación estea suxeita ó imposto sobre o valor engadido, ás seguintes obrigas:

a) Esixir-lle o importe do imposto sobre o valor engadido que grava a citada operación ó contribuínte da taxa ou ó usuario ou destinatario do servizo ou actividade de que se trate.

b) Expedi-la factura ou documento substitutivo relativo á dita operación a que se refire o artigo 88 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, en nome e por conta do suxeito pasivo. Esta obriga cumprirse de acordo co establecido no Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Non obstante, o Departamento de Xestión Tributaria da Axencia Estatal de Administración Tributaria poderá auto-

rizar fórmulas simplificadas para o cumprimento desta obriga.

c) Aboarlle ó suxeito pasivo do imposto sobre o valor engadido o importe que percíbese por aplicación do previsto no parágrafo a) anterior na mesma forma e prazos que os establecidos para o ingreso da taxa ou prezo correspondente.

2. Nos supostos ós que se refire o punto anterior, os usuarios ou destinatarios do servizo ou actividade estarán obrigados a soporta-la translación do imposto sobre o valor engadido correspondente, nas condicións establecidas no dito punto.»

*Artigo terceiro. Xustificación de determinadas operacións financeiras.*

1. A adquisición de valores mobiliarios poderase xustificar mediante o documento público emitido polo fedatario interveniente ou mediante o documento emitido pola entidade financeira ou, se é o caso, pola empresa de servizos de investimento, comprensivo de tódolos datos da operación.

A adquisición de activos financeiros con rendemento implícito, así como daqueles outros con rendemento explícito que deban ser obxecto de retención no momento da súa transmisión, amortización ou reembolso, xustificárase conforme o disposto en artigo 59 do Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 537/1997, do 14 de abril, e o artigo 85 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro.

2. Os gastos e deducións por operacións realizadas por entidades de crédito poderanse xustificar a través do documento, extracto ou nota de cargo expedido pola entidade no cal consten os datos propios dunha factura salvo o seu número e serie.

*Disposición adicional única. Reembolso do imposto sobre o valor engadido en importacións de bens mediante axentes de aduanas e persoas ou entidades que, debidamente habilitadas pola Administración aduaneira, actúen en nome propio e por conta dos importadores.*

O reembolso ós axentes de aduanas ou ás persoas ou entidades que, debidamente habilitadas pola Administración aduaneira, actúen en nome propio e por conta dos importadores, do imposto sobre o valor engadido relativo ás importacións de bens que se efectúen con intervención daqueles, de acordo co previsto na disposición adicional única da Lei 9/1998, do 21 de abril, pola que se modifica a Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, quedará condicionado á presentación polas ditas persoas ante a aduana na que se efectuase o correspondente despacho das mercadorías dos seguintes documentos:

a) Unha declaración suscrita polo importador, en que faga constar a súa condición de suxeito pasivo con dereito á dedución total do imposto satisfeito pola importación dos respectivos bens. A dita declaración terá os seus efectos mentres non sexa modificada por outra posterior.

Para estes efectos, entenderase que o importador ten dereito á dedución total das cotas satisfeitas pola importación cando a porcentaxe de dedución provisionalmente aplicable no ano en que se satisfán tales cotas permita a súa dedución íntegra, incluso no suposto de cotas satisfeitas con anterioridade ó inicio da realización de entregas de bens ou prestacións de servizos correspondentes ás súas actividades empresariais ou profesionais.

b) A solicitude de reembolso suscrita polas ditas persoas deberase presentar no prazo dos tres meses seguintes ó transcurso dun ano desde o nacemento do dereito á dedución das cotas do imposto relativas á importación, xuntándolle o documento que acredite o pagamento do imposto e do documento indicado no parágrafo a) anterior.

*Disposición transitoria única. Réxime de facturación ata o 31 de decembro de 2003, e réxime de vixencia das autorizacións concedidas de acordo co Real decreto 2402/1985, do 18 de decembro.*

1. O réxime de facturación previsto no Real decreto 2402/1985, do 18 de decembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar factura que incumbe ós empresarios e ós profesionais, terá plena eficacia ata o 31 de decembro de 2003.

Igualmente, as anotacións rexistradas nos libros a que se refire o artigo 62 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, correspondentes a operacións realizadas ata o 31 de decembro de 2003, deberánse efectuar de conformidade coa regulación contida no dito regulamento con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto.

2. Manteranse vixentes mentres non se revoguen expresamente:

a) As autorizacións concedidas conforme o artigo 2.2.d) do Real decreto 2402/1985, do 18 de decembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar factura que incumbe ós empresarios e ós profesionais, polo Departamento de Xestión Tributaria da Axencia Estatal de Administración Tributaria para a non expedición de facturas.

b) As autorizacións concedidas conforme o artigo 4.1 do Real decreto 2402/1985, do 18 de decembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar factura que incumbe ós empresarios e ós profesionais, polo Departamento de Xestión Tributaria da Axencia Estatal de Administración Tributaria para a non consignación dos datos do destinatario.

c) As autorizacións concedidas conforme o artigo 4.2.n) do Real decreto 2402/1985, do 18 de decembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar factura que incumbe ós empresarios e ós profesionais, polo Departamento de Xestión Tributaria da Axencia Estatal de Administración Tributaria para a expedición de documentos substitutivos.

d) As autorizacións concedidas conforme o artigo 9.3, parágrafo segundo, do Real decreto 2402/1985, do 18 de decembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar factura que incumbe ós empresarios e ós profesionais, polo Departamento de Xestión Tributaria da Axencia Estatal de Administración Tributaria para a non especificación das facturas rectificadas, abondando a simple determinación do período a que se refiran as facturas rectificativas.

3. Manteranse vixentes ata o 30 de xuño de 2004:

a) As autorizacións concedidas conforme o artigo 3.3, parágrafo terceiro, do Real decreto 2402/1985, do 18 de decembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar factura que incumbe ós empresarios e ós profesionais, polo Departamento de Xestión Tributaria da Axencia Estatal de Administración Tributaria para indicar unicamente do tipo tributario aplicado ou a expresión «IVE incluído» en vez de consignar a cota do imposto repercutida.

b) As autorizacións concedidas conforme o artigo 8.7 do Real decreto 2402/1985, do 18 de decembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar factura que incumbe ós empresarios e ós profesionais, polo

Departamento de Xestión Tributaria da Axencia Estatal de Administración Tributaria para que a factura completa sexa substituída por outro documento.

Sen prexuízo do anterior, os empresarios ou profesionais beneficiarios das ditas autorizacións poderán solicita-la concesión de novas autorizacións nos termos dispostos polo Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

4. Mentres non se dicte unha nova orde ministerial para a regulación desta materia, mantense vixente a orde HAC/3134/2002, do 5 de decembro, sobre un novo desenvolvemento do réxime de facturación telemática previsto no artigo 88 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, e no artigo 9 bis do Real decreto 2402/1985, do 18 de decembro.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Sen prexuízo do establecido na disposición transitoria única, queda derrogado o Real decreto 2402/1985, do 18 de decembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar factura que incumbe ós empresarios e ós profesionais.

2. Queda derrogado o artigo segundo do Real decreto 296/1998, do 27 de febreiro, polo que se modifica o artigo 1 do Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, que aproba o Regulamento do imposto sobre o valor engadido, así como o Real decreto 2402/1985, do 18 de decembro, que regula o deber de expedir e entregar factura que incumbe ós empresarios e ós profesionais, o Real decreto 338/1990, do 9 de marzo, sobre composición e forma de utilización do número de identificación fiscal, e o Real decreto 1041/1990, do 27 de xullo, que regula as declaracións censuais que deben presentar para os efectos fiscais os empresarios, profesionais e outros obrigados tributarios, e polo que se dictan normas para o reembolso do imposto ós axentes de aduanas e para os servizos de telecomunicación.

3. Así mesmo, quedan derrogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto neste real decreto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor ós 20 días da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Dado en Madrid, o 28 de novembro de 2003.

JUAN CARLOS R.

O ministro do Facenda,  
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO

## REGULAMENTO POLO QUE SE REGULAN AS OBRIGAS DE FACTURACIÓN

### ÍNDICE

Título preliminar. Obriga de documentación das operacións.

Artigo 1. Obriga de expedir, entregar e conservar xustificantes das operacións.

Título I. Obriga de documentación das operacións para os efectos do imposto sobre o valor engadido.

Capítulo I. Supostos de expedición de factura.

Artigo 2. Obriga de expedir factura.

Artigo 3. Excepcións á obriga de expedir factura.

Artigo 4. Documentos substitutivos das facturas.

Artigo 5. Cumprimento da obriga de expedir factura ou documento substitutivo polo destinatario ou por un terceiro.

Capítulo II. Requisitos das facturas e dos documentos substitutivos.

Artigo 6. Contido da factura.

Artigo 7. Contido dos documentos substitutivos.

Artigo 8. Medios de expedición das facturas ou documentos substitutivos.

Artigo 9. Prazo para a expedición das facturas ou documentos substitutivos.

Artigo 10. Moeda e lingua das facturas ou documentos substitutivos.

Artigo 11. Facturas recapitulativas.

Artigo 12. Duplicados das facturas ou documentos substitutivos.

Artigo 13. Facturas ou documentos substitutivos rectificativos.

Artigo 14. Particularidades da obriga de documentar as operacións nos réximes especiais do imposto.

Capítulo III. Remisión de facturas ou documentos substitutivos.

Artigo 15. Obriga de remisión das facturas ou documentos substitutivos.

Artigo 16. Prazo para a remisión das facturas ou documentos substitutivos.

Artigo 17. Formas de remisión das facturas ou documentos substitutivos.

Artigo 18. Remisión electrónica das facturas ou documentos substitutivos.

Capítulo IV. Conservación de facturas ou documentos substitutivos e outros documentos.

Artigo 19. Obriga de conservación de facturas ou documentos substitutivos e outros documentos.

Artigo 20. Formas de conservación das facturas ou documentos substitutivos.

Artigo 21. Conservación das facturas ou documentos substitutivos por medios electrónicos.

Artigo 22. Lugar de conservación das facturas ou documentos substitutivos.

Artigo 23. Acceso da Administración tributaria ás facturas e documentos substitutivos.

Capítulo V. Outras disposicións.

Artigo 24. Resolución de controversias en materia de facturación.

Título II. Obrigas de documentación para efectos doutros tributos.

Artigo 25. Aplicación das disposicións do título I.

Artigo 26. Particularidades da obriga de documentar as operacións no imposto sobre a renda das persoas físicas.

Disposición adicional primeira. Deberes de facturación noutros ámbitos.

Disposición adicional segunda. Imposto xeral indirecto canario e imposto sobre a produción, os servizos e a importación nas cidades de Ceuta e Melilla.

Disposición adicional terceira. Facturación nas entregas de enerxía eléctrica.

Disposición adicional cuarta. Facturación de determinadas prestacións de servizos na realización dos cales interveñen axencias de viaxes actuando como mediadoras en nome e por conta allea.

Disposición adicional quinta. Referencias ó Real decreto 2402/1985, do 18 de decembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar factura que incumbe ós empresarios ou ós profesionais.



## TÍTULO PRELIMINAR

### Obriga de documentación das operacións

Artigo 1. *Obriga de expedir, entregar e conservar xustificantes das operacións.*

Os empresarios ou profesionais están obrigados a expedir e entregar, se é o caso, factura ou outros xustificantes polas operacións que realicen no desenvolvemento da súa actividade empresarial ou profesional, así como a conservar copia ou matriz daqueles. Igualmente, están obrigados a conserva-las facturas ou outros xustificantes recibidos doutros empresarios ou profesionais polas operacións das que sexan destinatarios e que se efectúen en desenvolvemento da citada actividade.

Así mesmo, outras persoas e entidades que non teñan a condición de empresarios ou profesionais están obrigadas a expedir e conservar factura ou outros xustificantes das operacións que realicen nos termos establecidos neste regulamento.

## TÍTULO I

### Obriga de documentación das operacións para os efectos do imposto sobre o valor engadido

#### CAPÍTULO I

##### Supostos de expedición de factura

Artigo 2. *Obriga de expedir factura.*

1. De acordo co artigo 164.un.3.º da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, os empresarios ou profesionais están obrigados a expedir factura e copia desta polas entregas de bens e prestacións de servizos que realicen no desenvolvemento da súa actividade, incluídas as non suxeitas e as suxeitas pero exentas do imposto, nos termos establecidos neste regulamento e sen máis excepcións que as previstas nel. Esta obriga incumbe así mesmo ós empresarios ou ós profesionais acollidos ós réximes especiais do imposto sobre o valor engadido.

Tamén se deberá expedir factura e copia desta polos pagamentos recibidos con anterioridade á realización das entregas de bens ou prestacións de servizos polas que se deba así mesmo cumprir esta obriga conforme o parágrafo anterior, coa excepción das entregas de bens exentas do imposto sobre o valor engadido por aplicación do disposto no artigo 25 da Lei do imposto.

2. Deberase expedir factura e copia desta en todo caso nas seguintes operacións:

a) Aquelas en que o destinatario sexa un empresario ou profesional que actúe como tal, con independencia do réxime de tributación ó que se encontre acollido o empresario ou profesional que realice a operación, así como calquera outra nas que o destinatario así o esixa para o exercicio de calquera dereito de natureza tributaria.

b) As entregas de bens destinados a outro Estado membro a que se refire o artigo 25 da Lei do imposto.

c) As entregas de bens a que se refiren o artigo 68.tres e cinco da Lei do imposto cando, por aplicación das regras referidas no dito precepto, se entendan realizadas no territorio de aplicación do imposto.

d) As entregas de bens expedidos ou transportados fóra da Comunidade Europea a que se refire o artigo 21.1.º e 2.º da Lei do imposto, excepto as efectuadas nas tendas libres de impostos a que se refire o punto 2.º B) do citado artigo.

e) As entregas de bens que han de ser obxecto de instalación ou montaxe antes da súa posta á disposición a que se refire o artigo 68.dous.2.º da Lei do imposto.

f) Aquelas das que sexan destinatarias persoas xurídicas que non actúen como empresarios ou profesionais, con independencia de que se encontren establecidas no territorio de aplicación do imposto ou non, ou as administracións públicas a que se refire o artigo 2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Así mesmo, os suxeitos pasivos a que se refiren os artigos 84.un.2.º e 3.º e 140 quinquies, ambos da Lei do imposto, deberán expedir factura en todo caso polas operacións das que sexan destinatarios en que, conforme os ditos preceptos, sexan suxeitos pasivos do imposto sobre o valor engadido correspondente a aquelas.

Esta factura, que se unirá ó xustificante contable de cada operación, deberá conte-los datos previstos no artigo 6 deste regulamento.

Para os efectos deste regulamento, terá a consideración de xustificante contable calquera documento que sirva de soporte á anotación contable da operación que, se é o caso, se deba efectuar.

Artigo 3. *Excepcións á obriga de expedir factura.*

1. Non existirá obriga de expedir factura, salvo nos supostos contidos nos puntos 2 e 3 do artigo 2, polas operacións seguintes:

a) As operacións exentas do imposto sobre o valor engadido en virtude do establecido no artigo 20 da súa lei reguladora. Non obstante, a expedición de factura será obrigatoria nas operacións exentas deste imposto de acordo co artigo 20.un. 2.º, 3.º, 4.º, 5.º, 15.º, 20.º, 21.º, 22.º, 24.º, 25.º e 27.º da Lei do imposto.

b) As realizadas por empresarios ou profesionais no desenvolvemento de actividades ás que sexa de aplicación o réxime especial da recarga de equivalencia.

Non obstante, deberase expedir factura en todo caso polas entregas de inmobles nas que o suxeito pasivo renunciase á exención, ás que se refire o artigo 154.dous da Lei do imposto.

c) As realizadas por empresarios ou profesionais no desenvolvemento de actividades polas que se encontren acollidos ó réxime simplificado do imposto, salvo que a determinación das cotas devengadas se efectúe en atención ó volume de ingresos.

Non obstante, deberase expedir factura en todo caso polas transmisións de activos fixos a que se refire o artigo 123.un.B)3.º da Lei do imposto.

d) Aqueloutras en que así sexa autorizado polo Departamento de Xestión Tributaria da Axencia Estatal de Administración Tributaria en relación con sectores empresariais ou profesionais ou empresas determinadas, co fin de evitar perturbacións no desenvolvemento das actividades empresariais ou profesionais.

2. Así mesmo, coa excepción do disposto no artigo 2.3 deste regulamento, non estarán obrigados a expedir factura os empresarios ou profesionais polas operacións realizadas no desenvolvemento das actividades que se encontren acollidas ó réxime especial da agricultura, gandería e pesca, sen prexuízo do disposto no artigo 14.1.

En todo caso deberase expedir factura polas entregas de inmobles a que se refire o artigo 129.un, parágrafo segundo, da Lei do imposto.

**Artigo 4. Documentos substitutivos das facturas.**

1. A obriga de expedir factura poderá ser cumprida mediante a expedición de ticket e copia deste nas operacións que se describen a continuación, cando o seu importe non exceda de 3.000 euros, imposto sobre o valor engadido incluído:

a) Ventas polo miúdo, incluso as realizadas por fabricantes ou elaboradores dos produtos entregados.

Para estes efectos, terán a consideración de vendas polo miúdo as entregas de bens mobles corporais ou semoventes en que o destinatario da operación non actúe como empresario ou profesional, senón como consumidor final daqueles. Non se reputarán vendas polo miúdo as que teñan por obxecto bens que polas súas características obxectivas, envasado, presentación ou estado de conservación sexan principalmente de utilización empresarial ou profesional.

- b) Ventas ou servizos en ambulancia.
- c) Ventas ou servizos a domicilio do consumidor.
- d) Transportes de persoas e as súas equipaxes.
- e) Servizos de hostalería e restauración prestados por restaurantes, bares, cafeterías, orchaterías, chocolaterías e establecementos similares, así como a subministración de bebidas ou comidas para consumir no acto.
- f) Servizos prestados por salas de baile e discotecas.
- g) Servizos telefónicos prestados mediante a utilización de cabinas telefónicas de uso público, así como mediante tarxetas que non permitan a identificación do portador.
- h) Servizos de perruquería e os prestados por institutos de beleza.
- i) Utilización de instalacións deportivas.
- j) Revelado de fotografías e servizos prestados por estudos fotográficos.
- k) Aparcamento e estacionamento de vehículos.
- l) Alugamento de películas.
- m) Servizos de tinturería e lavandería.
- n) Utilización de autoestradas de peaxe.
- ñ) As que autorice o Departamento de Xestión Tributaria da Axencia Estatal de Administración Tributaria en relación con sectores empresariais ou profesionais ou empresas determinadas, co fin de evitar perturbacións no desenvolvemento das actividades empresariais ou profesionais.

2. Non obstante o disposto no punto anterior, a obriga de expedir factura non poderá ser cumprida mediante a expedición de ticket nos supostos que se citan nos artigos 2.2 e 3 e 13.2.

3. Para os efectos deste regulamento, terá a condición de ticket calquera documento que se expida nos supostos a que se refire o punto 1 e cumpra os requisitos establecidos no artigo 7, e será considerado como documento substitutivo dunha factura. En ningún caso estes documentos terán a consideración de factura para os efectos do disposto no artigo 97.un da Lei do imposto.

**Artigo 5. Cumprimento da obriga de expedir factura ou documento substitutivo polo destinatario ou por un terceiro.**

1. A obriga a que se refire o artigo 2 poderá ser cumprida materialmente polos destinatarios das operacións ou por terceiros. En calquera destes casos, o empresario ou profesional ou suxeito pasivo obrigado á expedición da factura será o responsable do cumprimento de tódalas obrigas que se establecen neste título.

2. Para que a obriga a que se refire o artigo 2 poida ser cumprida materialmente polo destinatario das operacións que non sexa suxeito pasivo do imposto sobre

o valor engadido correspondente a estas, terán que se cumprilos seguintes requisitos:

a) Deberá existir un acordo documentado por escrito entre o empresario ou o profesional que realice as operacións e o destinatario destas polo que o primeiro lle autorice ó segundo a expedición das facturas ou documentos substitutivos correspondentes ás ditas operacións. Este acordo deberase subscribir con carácter previo á realización das operacións, e nel deberanse especificar aquelas a que se refira.

b) Cada factura ou documento substitutivo así expedido deberá ser obxecto de aceptación por parte do empresario ou profesional que realizase a operación.

c) O destinatario das operacións que proceda á expedición das facturas ou documentos substitutivos correspondentes a aquelas deberá remitirle unha copia ó empresario ou profesional que as realizou no prazo que se establece no artigo 9.1.

A obriga de remitir a copia da factura ou documento substitutivo a que se refire o parágrafo anterior poderá ser cumprida de acordo co previsto nos artigos 17 e 18.

As copias das facturas ou documentos substitutivos deberán ser aceptadas no prazo de 15 días a partir da súa recepción polo empresario ou profesional que realizase as operacións. As facturas ou documentos substitutivos as copias dos cales fosen rexeitadas de forma expresa no prazo antes indicado teranse por non expedidas.

d) Estas facturas ou documentos substitutivos serán expedidos en nome e por conta do empresario ou profesional que realizase as operacións que neles se documentan.

3. A obriga de expedir factura poderá ser cumprida polos empresarios ou profesionais ou suxeitos pasivos do imposto sobre o valor engadido mediante a contratación de terceiros ós que encomenden a expedición das facturas ou documentos substitutivos.

4. Cando o destinatario das operacións ou o terceiro que expida as facturas ou documentos substitutivos non estea establecido na Comunidade Europea, salvo que se encontre establecido en Canarias, Ceuta ou Melilla ou nun país co cal exista un instrumento xurídico relativo á asistencia mutua cun ámbito de aplicación similar ó previsto polas Directivas 76/308/CEE do Consello, do 15 de maio de 1976, sobre a asistencia mutua en materia de cobramento dos créditos correspondentes a determinadas exaccións, dereitos, impostos e outras medidas, e 77/799/CEE do Consello, do 19 de decembro de 1977, relativa á asistencia mutua entre as autoridades competentes dos Estados membros no ámbito dos impostos directos, de determinados impostos sobre consumos específicos e dos impostos sobre as primas de seguros, e polo Regulamento (CE) n.º 1798/2003 do Consello, do 7 de outubro de 2003, relativo á cooperación administrativa no ámbito do imposto sobre o valor engadido e polo que se derroga o Regulamento (CEE) n.º 218/92, unicamente caberá a expedición de facturas ou documentos substitutivos polo destinatario das operacións ou por terceiros logo de autorización da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

**CAPÍTULO II****Requisitos das facturas e dos documentos substitutivos****Artigo 6. Contido da factura.**

1. Toda factura e as súas copias conterán os datos ou requisitos que se citan a continuación, sen prexuízo dos que poidan resultar obrigatorios para outros efectos e da posibilidade de incluír calquera outra mención:

a) Número e, se é o caso, serie. A numeración das facturas dentro de cada serie será correlativa.

Poderanse expedir facturas mediante series separadas cando existan razóns que o xustifiquen e, entre outros supostos, cando o obrigado á súa expedición conte con varios establecementos desde os que efectúe as súas operacións e cando o obrigado á súa expedición realice operacións de distinta natureza.

Non obstante, será obrigatoria, en todo caso, a expedición en series específicas das facturas seguintes:

- 1.º Aquelas ás que se refire o artigo 2.3.
- 2.º As expedidas polos destinatarios das operacións ou por terceiros a que se refire o artigo 5, para cada un dos cales deberá existir unha serie distinta.
- 3.º As rectificativas.
- 4.º As que se expidan conforme a disposición adicional quinta do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro.

b) A data da súa expedición.

c) Nome e apelidos, razón ou denominación social completa, tanto do obrigado a expedir factura como do destinatario das operacións.

Nos supostos a que se refire o artigo 2.3, consignaranse como datos do expedidor os do suxeito pasivo destinatario dos bens ou servizos. Así mesmo, deberán constalos do provedor dos bens ou servizos.

d) Número de identificación fiscal atribuído pola Administración española ou, se é o caso, pola doutro Estado membro da Comunidade Europea, co que realizou a operación o obrigado a expedila factura.

Así mesmo, será obrigatoria a consignación do número de identificación fiscal do destinatario nos seguintes casos:

- 1.º Que se trate dunha entrega de bens destinados a outro Estado membro exenta conforme o artigo 25 da Lei do imposto.
- 2.º Que se trate dunha operación o destinatario da cal sexa o suxeito pasivo do imposto correspondente a aquela.
- 3.º Que se trate de operacións que se entendan realizadas no territorio de aplicación do imposto e o empresario ou profesional obrigado á expedición da factura se deba considerar establecido no devandito territorio.

Nos supostos a que se refire o artigo 2.3, consignaranse como número de identificación fiscal do expedidor o do suxeito pasivo destinatario dos bens ou servizos. Así mesmo, deberá constalo número de identificación do provedor dos bens ou servizos.

e) Domicilio, tanto do obrigado a expedir factura como do destinatario das operacións.

Cando o obrigado a expedir factura ou o destinatario das operacións dispoñan de varios lugares fixos de negocio, deberase indica-la situación da sede de actividade ou establecemento ó que se refiran aquelas nos casos en que a dita referencia sexa relevante para a determinación do réxime de tributación correspondente ás citadas operacións.

Nos supostos a que se refire o artigo 2.3, consignaranse como domicilio do expedidor o do suxeito pasivo destinatario dos bens ou servizos. Así mesmo deberá constalo domicilio do provedor dos bens ou servizos.

Cando o destinatario das operacións sexa unha persoa física que non actúe como empresario ou profesional, non será obrigatoria a consignación do seu domicilio.

f) Descrición das operacións, consignándose todos os datos necesarios para a determinación da base imponible do imposto, tal e como esta é definida polos artigos 78 e 79 da Lei do imposto, correspondente a aquelas e o seu importe, incluíndo o prezo unitario sen imposto

das ditas operacións, así como calquera desconto ou rebaixa que non estea incluído no dito prezo unitario.

g) O tipo impositivo ou tipos impositivos, se é o caso, aplicados ás operacións.

h) A cota tributaria que, se é o caso, se repercute, que se deberá consignar por separado.

i) A data en que se efectuasen as operacións que se documentan ou en que, se é o caso, se recibise o pagamento anticipado, sempre que se trate dunha data distinta á de expedición da factura.

2. Nas copias das facturas, xunto ós requisitos do punto anterior, indícarase a súa condición de copias.

3. No suposto de que a operación que se documenta nunha factura estea exenta ou non suxeita ó imposto ou de que o suxeito pasivo do imposto correspondente a aquela sexa o seu destinatario, deberase incluír nela unha referencia ás disposicións correspondentes da Directiva 77/388/CEE, do 17 de maio, sexta directiva do consello en materia do imposto sobre o valor engadido, ou ós preceptos correspondentes da Lei do imposto ou indicación de que a operación está exenta ou non suxeita ou de que o suxeito pasivo do imposto é o destinatario da operación. O disposto neste punto aplicarase así mesmo cando se documenten varias operacións nunha única factura e as circunstancias que se sinalaron se refiran unicamente a parte delas.

4. Deberase especificar por separado a parte de base imponible correspondente a cada unha das operacións que se documenten nunha mesma factura nos seguintes casos:

a) Cando se documenten operacións que estean exentas ou non suxeitas ó imposto sobre o valor engadido e outras nas que non se dean as ditas circunstancias.

b) Cando se inclúan operacións en que o suxeito pasivo do imposto sobre o valor engadido correspondente a aquelas sexa o seu destinatario e outras en que non se dea esta circunstancia.

c) Cando se comprendan operacións suxeitas a diferentes tipos do imposto sobre o valor engadido.

5. Nas entregas de medios de transporte novos a que se refire o artigo 25 da Lei do imposto deberase facer constar na factura, ademais dos datos e requisitos establecidos no punto 1 anterior, as súas características, a data da súa primeira posta en servizo e as distancias percorridas ou horas de navegación ou voo realizadas ata a súa entrega.

6. Os empresarios ou os profesionais que realicen as entregas subseguintes ás adquisicións intracomunitarias a que se refire o artigo 79.2 do Regulamento do imposto deberán indicar expresamente nas facturas correspondentes ás ditas entregas que se trata dunha operación triangular ou en cadea das recollidas no artigo 26.tres da Lei do imposto e consignar nelas o número de identificación para efectos do imposto sobre o valor engadido co que realizan as referidas adquisicións intracomunitarias e as entregas subseguintes, así como o número de identificación para os efectos do mencionado imposto subministrado polo destinatario da entrega subseguinte.

7. Cando o Departamento de Xestión Tributaria da Axencia Estatal de Administración Tributaria aprecie que as prácticas comerciais ou administrativas do sector de actividade de que se trate, ou ben as condicións técnicas de expedición das facturas, dificulten a consignación das mencións a que se refire o punto 1 deste artigo, poderá autorizar, logo de solicitude do interesado, que na factura non consten tódalas mencións contidas no citado punto, sempre e cando as operacións que se documenten sexan entregas de bens ou prestacións de servizos que se entendan realizadas no territorio de aplicación do imposto, con excepción das que se encontren exentas conforme o artigo 25 da Lei do imposto.



As ditas facturas deberán conter, en todo caso, as seguintes mencións:

- a) A data da súa expedición.
- b) A identidade do obrigado á súa expedición.
- c) A identificación do tipo de bens entregados ou de servizos prestados.
- d) A cota tributaria ou os datos que permitan calculala.

8. Non obstante o disposto no punto 1 deste artigo, tratándose de operacións realizadas para os que non teñan a condición de empresarios ou profesionais actuando como tales, non será obrigatoria a consignación na factura dos datos de identificación do destinatario en canto ás operacións de contraprestación das cales sexa inferior a 100 euros, imposto sobre o valor engadido non incluído. Este límite poderase exceptuar nos casos que autorice o Departamento de Xestión Tributaria da Axencia Estatal de Administración Tributaria en relación con sectores empresariais ou profesionais ou empresas determinadas, co fin de evitar perturbacións no desenvolvemento das actividades empresariais ou profesionais.

9. Para os efectos do disposto no artigo 97.un da Lei do imposto, unicamente terá a consideración de factura aquela que conteña tódolos datos e reúna os requisitos a que se refiren os puntos 1 a 7 deste artigo.

#### Artigo 7. *Contido dos documentos substitutivos.*

Sen prexuízo dos datos ou requisitos que poidan resultar obrigatorios para outros efectos e da posibilidade de incluír calquera outra mención, tódolos tickets e as súas copias conterán os seguintes datos ou requisitos:

- a) Número e, se é o caso, serie. A numeración dos tickets dentro de cada serie será correlativa. Poderanse expedir tickets mediante series separadas cando existan razóns que o xustifiquen e, entre outros, nos seguintes casos:

1.º Cando o obrigado á súa expedición conte con varios establecementos desde os que efectúe as súas operacións.

2.º Cando o obrigado á súa expedición realice operacións de distinta natureza.

3.º Os expedidos polos destinatarios das operacións ou por terceiros a que se refire o artigo 5, para cada un dos cales deberá existir unha serie distinta.

4.º Os rectificativos.

Cando o empresario ou profesional expida tickets e facturas para a documentación das operacións efectuadas nun mesmo ano natural, será obrigatoria a expedición mediante series separadas duns e outras.

b) Número de identificación fiscal, así como o nome e apelidos, razón ou denominación social completa do obrigado á súa expedición.

c) Tipo impositivo aplicado ou a expresión «IVE incluído».

d) Contraprestación total.

#### Artigo 8. *Medios de expedición das facturas ou documentos substitutivos.*

As facturas ou documentos substitutivos poderanse expedir por calquera medio, en papel ou en soporte electrónico, que permita a constatación da súa data de expedición, a súa consignación no libro rexistro de facturas expedidas, regulado no artigo 63 do Regulamento do imposto, e a súa adecuada conservación.

#### Artigo 9. *Prazo para a expedición das facturas ou documentos substitutivos.*

1. As facturas ou documentos substitutivos deberán ser expedidos no momento de se realiza-la operación. Non obstante, cando o destinatario da operación sexa un empresario ou profesional que actúe como tal, deberán expedir dentro do prazo dun mes contado a partir do citado momento.

En todo caso, as facturas ou documentos substitutivos deberán ser expedidos antes do día 16 do mes seguinte ó período de liquidación do imposto no curso do cal se realizasen as operacións.

2. Para os efectos deste regulamento, as operacións entenderanse realizadas na data en que se producise o devengo do imposto correspondente ás citadas operacións.

#### Artigo 10. *Moeda e lingua en que se poderán expresar e expedi-las facturas ou documentos substitutivos.*

1. Os importes que figuran nas facturas ou documentos substitutivos poderanse expresar en calquera moeda, coa condición de que o importe do imposto que, se é o caso, se repercute, se exprese en euros; para este efecto utilizará o tipo de cambio a que se refire o do artigo 79.once da Lei do imposto.

2. As facturas ou documentos substitutivos poderanse expedir en calquera lingua. Non obstante, a Administración tributaria, cando o considere necesario para os efectos de calquera actuación dirixida á comprobación da situación tributaria do empresario ou profesional ou suxeito pasivo, poderá esixir unha tradución para o castelán, ou para outra lingua oficial en España, das facturas expedidas nunha lingua non oficial que correspondan a operacións efectuadas no territorio de aplicación do imposto sobre o valor engadido, así como das recibidas polos empresarios ou profesionais ou suxeitos pasivos establecidos no dito territorio.

#### Artigo 11. *Facturas recapitulativas.*

Poderanse incluír nunha soa factura distintas operacións realizadas en distintas datas para un mesmo destinatario, sempre que aquelas se efectuasen dentro dun mesmo mes natural.

Estas facturas deberán ser expedidas como máximo o último día do mes natural no que se efectuasen as operacións que se documenten nelas. Non obstante, cando o destinatario destas sexa un empresario ou profesional que actúe como tal, a expedición deberase realizar dentro do prazo dun mes contado a partir do citado día.

En todo caso, estas facturas deberán ser expedidas antes do día 16 do mes seguinte ó período de liquidación do imposto no curso do cal se realizasen as operacións.

O disposto nos parágrafos anteriores será igualmente aplicable ás facturas a que se refire o artigo 2.3, sempre que se trate de operacións efectuadas por un mesmo provedor dentro dun mesmo mes natural.

#### Artigo 12. *Duplicados das facturas ou documentos substitutivos.*

1. Os empresarios e os profesionais ou suxeitos pasivos só poderán expedir un orixinal de cada factura ou documento substitutivo.

2. A expedición de exemplares duplicados dos orixinais das facturas ou documentos substitutivos unicamente será admisible nos seguintes casos:

- a) Cando nunha mesma entrega de bens ou prestación de servizos concorresen varios destinatarios. Nes-

te caso, deberase consignar no orixinal e en cada un dos duplicados a porción de base imponible e de cota repercutida a cada un deles.

b) Nos supostos de perda do orixinal por calquera causa.

3. Os exemplares duplicados a que se refire o punto anterior terán a mesma eficacia que os correspondentes documentos orixinais.

4. En cada un dos exemplares duplicados deberase facer consta-la expresión «duplicado».

#### Artigo 13. *Facturas ou documentos substitutivos rectificativos.*

1. Deberase expedir unha factura ou documento substitutivo rectificativo nos casos en que a factura ou documento substitutivo orixinal non cumpra algún dos requisitos que se establecen nos artigos 6 ou 7.

2. Igualmente, será obrigatoria a expedición dunha factura rectificativa nos casos en que as cotas impositivas repercutidas se determinasen incorrectamente ou se producisen as circunstancias que, segundo o disposto no artigo 80 da Lei do imposto, dan lugar á modificación da base imponible.

Non obstante, cando a modificación da base imponible sexa consecuencia da devolución de envases e embalaxes e pola operación na que se entregaron se expidese factura, non será necesaria a expedición dunha factura rectificativa, senón que se poderá practicala rectificación na factura que se expida por unha operación posterior que teña o mesmo destinatario, restando o importe dos envases e embalaxes devoltos do importe da dita operación posterior, repercutíndolle ó destinatario das operacións unicamente o importe correspondente á diferenza, sempre que o resultado da diferenza entre ámbalas magnitudes sexa positivo e o tipo impositivo aplicable sexa o mesmo.

Cando a modificación da base imponible teña a súa orixe na concesión de descontos ou bonificacións por volume de operacións, así como nos demais casos que sexan autorizados polo Departamento de Xestión Tributaria da Axencia Estatal de Administración Tributaria, non será necesaria a especificación das facturas rectificadas, e abondará a simple determinación do período a que se refiran.

3. A expedición da factura ou documento substitutivo rectificativos deberase efectuar tan pronto como o obrigado a expedilos teña constancia das circunstancias que, conforme os puntos anteriores, obrigan á súa expedición, sempre que non transcorresen catro anos a partir do momento en que se devengou o imposto ou, se é o caso, se produciron as circunstancias a que se refire o artigo 80 da Lei do imposto.

4. A rectificación realizarase mediante a emisión dunha nova factura ou documento substitutivo no que se fagan consta-los datos identificativos da factura ou documento substitutivo rectificadas e a rectificación efectuada.

A dita factura ou documento substitutivo rectificativo deberá cumprir-los requisitos que establecen, respectivamente, os artigos 6 ou 7.

Cando o que se expida sexa unha factura rectificativa, os datos a que se refire o artigo 6.1.f), g) e h) serán os que resulten da rectificación que, se é o caso, se efectuase daqueles.

En calquera dos dous casos anteriores, farase constar no documento a súa condición de documento rectificativo e a descrición da causa que motiva a rectificación.

5. Unicamente terán a consideración de facturas rectificativas as que se expidan por algunha das causas previstas nos puntos 1 e 2.

#### Artigo 14. *Particularidades da obriga de documentar as operacións nos réximes especiais do imposto.*

1. Os empresarios ou profesionais que, de acordo co disposto polo artigo 131.2.º da Lei do imposto, deban efectualo reintegro das compensacións ó adquiri-los bens ou servizos a persoas acollidas ó réxime especial da agricultura, gandería e pesca deberán expedir un recibo polas ditas operacións, no que deberán consta-los datos ou requisitos seguintes:

a) Serie e número. A numeración dos recibos dentro de cada serie será correlativa.

b) Nome e apelidos, razón ou denominación social completa, número de identificación fiscal e domicilio do obrigado á súa expedición e do titular da explotación agrícola, gandeira, forestal ou pesqueira.

c) Descrición dos bens entregados ou dos servizos prestados, así como o lugar e data de realización material e efectiva das operacións.

d) Prezo dos bens ou servizos, determinado de acordo co disposto no artigo 130.cinco da Lei do imposto.

e) Porcentaxe de compensación aplicada.

f) Importe da compensación.

g) A sinatura do titular da explotación agrícola, gandeira, forestal ou pesqueira.

Estes empresarios ou profesionais deberán entregar unha copia deste recibo ó proveedor dos bens ou servizos, titular da explotación agrícola, forestal, gandeira ou pesqueira.

As demais disposicións incluídas neste regulamento relativas ás facturas seranlles igualmente aplicables, na medida en que resulte procedente, ós recibos a que se refire este punto.

2. Sen prexuízo do cumprimento do resto de obrigas establecidas neste título, os suxeitos pasivos que apliquen o réxime especial dos bens usados, obxectos de arte, antigüidades e obxectos de colección deberán cumprir, respecto das operacións afectadas polo referido réxime especial, as seguintes obrigas específicas:

a) Expedir un documento que xustifique cada unha das adquisicións efectuadas ós que non teñan a condición de empresarios ou profesionais actuando como tales. O dito documento de compra deberá ser asinado polo transmitente e conterá os datos e requisitos a que se refire o artigo 6.1.

b) Nas facturas que expidan os suxeitos pasivos revendedores polas entregas sometidas ó réxime especial deberase facer constar esta circunstancia. Así mesmo, nas facturas polas entregas de bens que, acollidas ó réxime especial, se destinen a outros Estados membros da Comunidade Europea, deberase facer consta-la circunstancia de que as citadas operacións tributaron de acordo co réxime especial previsto polo artigo 26 bis da Directiva 77/388/CEE, con mención expresa do devandito artigo.

c) Nas facturas que expidan os suxeitos pasivos revendedores polas entregas sometidas ó réxime especial non poderán consignar separadamente a cota do imposto sobre o valor engadido repercutida, e esta deberase entender comprendida no prezo total da operación.

3. Nas operacións ás que resulte aplicable o réxime especial das axencias de viaxes, os suxeitos pasivos non estarán obrigados a consignar por separado na factura que expidan a cota repercutida, e o imposto deberase entender, se é o caso, incluído no prezo da operación. Non obstante, cando as ditas operacións teñan como destinatarios outros empresarios ou profesionais que actúen como tales e comprendan exclusivamente entregas de bens ou prestacións de servizos efectuadas totalmente no ámbito espacial do imposto, poderase facer constar en factura, por solicitude do interesado e baixo

a denominación «cotas de IVE incluídas no prezo», a cantidade resultante de multiplica-lo prezo total da operación por seis e dividir por 100.

En todo caso, nas facturas en que se documenten operacións ás que sexa de aplicación este réxime especial deberase facer constar esta circunstancia indicando que estas se encontran suxeitas ó réxime especial das axencias de viaxes ou ó réxime especial previsto no artigo 26 da Directiva 77/388/CEE.

4. Os empresarios ou os profesionais que efectúen entregas de bens nas que se deba repercuti-la recarga de equivalencia deberán en todo caso expedir facturas separadas para documenta-las ditas entregas, consignando nelas o tipo da recarga que se aplicase e o seu importe. Esta mesma obriga será de aplicación cando os comerciantes polo miúdo ós que sexa de aplicación o réxime especial da recarga de equivalencia expidan as facturas a que se refire o artigo 2.3.

Os comerciantes polo miúdo acollidos ó réxime especial da recarga de equivalencia que realicen simultaneamente actividades empresariais ou profesionais noutros sectores da actividade empresarial ou profesional deberán ter documentadas en facturas diferentes as adquisicións de mercadorías destinadas respectivamente ás actividades incluídas no dito réxime e ó resto de actividades.

### CAPÍTULO III

#### Remisión de facturas ou documentos substitutivos

**Artigo 15.** *Obriga de remisión das facturas ou documentos substitutivos.*

Os orixinais das facturas ou documentos substitutivos expedidos conforme o disposto no capítulo II do título I deberán ser remitidos polos obrigados á súa expedición ou no seu nome ós destinatarios das operacións que neles se documentan, coa excepción daquelas a que se refire o artigo 2.3.

**Artigo 16.** *Prazo para a remisión das facturas ou documentos substitutivos.*

A obriga de remisión das facturas ou documentos substitutivos que se establece no artigo 15 deberase cumprir no mesmo momento da súa expedición ou ben, cando o destinatario sexa un empresario ou profesional que actúe como tal, no prazo dun mes a partir da data da súa expedición.

**Artigo 17.** *Formas de remisión das facturas ou documentos substitutivos.*

A obriga de remisión das facturas ou documentos substitutivos poderá ser cumprida por calquera medio e, en particular, por medios electrónicos, sempre que neste caso o destinatario dese o seu consentimento de forma expresa e os medios electrónicos utilizados na transmisión garantan a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido.

Para estes efectos, entenderase por remisión por medios electrónicos a transmisión ou posta á disposición do destinatario por medio de equipos electrónicos de tratamento, incluída a compresión numérica, e almacenamento de datos, utilizando o teléfono, a radio, os medios ópticos ou outros medios magnéticos.

**Artigo 18.** *Remisión electrónica das facturas ou documentos substitutivos.*

1. Para os efectos do disposto no artigo 17, a garantía da autenticidade da orixe e da integridade do contido

das facturas ou documentos substitutivos que se remiten por medios electrónicos acreditarase por algunha das seguintes formas:

a) Mediante unha sinatura electrónica avanzada de acordo co disposto no artigo 2.2 da Directiva 1999/93/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de decembro de 1999, pola que se establece un marco comunitario para a sinatura electrónica, baseada nun certificado recoñecido e creada mediante un dispositivo seguro de creación de sinaturas, de acordo co disposto nos puntos 6 e 10 do artigo 2 da mencionada directiva.

b) Mediante un intercambio electrónico de datos (EDI), tal como se define no artigo 2 da Recomendación 1994/820/CE da Comisión, do 19 de outubro de 1994, relativa ós aspectos xurídicos do intercambio electrónico de datos, cando o acordo relativo a este intercambio preveva a utilización de procedementos que garantan a autenticidade da orixe e a integridade dos datos.

c) Mediante os elementos propostos para tal fin polos interesados, unha vez que sexan autorizados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria. Para tal efecto, deberánlle solicitar autorización á Axencia Estatal de Administración Tributaria indicando os elementos que permitan garanti-la autenticidade da orixe e integridade do contido das facturas ou documentos substitutivos remitidos.

2. No caso de lotes que inclúan varias facturas remitidas simultaneamente por medios electrónicos ó mesmo destinatario, os detalles comúns ás distintas facturas poderanse mencionar unha soa vez, sempre que se teña acceso para cada factura á totalidade da información.

3. O ministro de Facenda dictará as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación do establecido neste artigo.

### CAPÍTULO IV

#### Conservación de facturas ou documentos substitutivos e outros documentos

**Artigo 19.** *Obriga de conservación de facturas ou documentos substitutivos e outros documentos.*

1. Os empresarios ou os profesionais deberán conservar, durante o prazo previsto na Lei xeral tributaria, os seguintes documentos:

a) As facturas e documentos substitutivos recibidos.

b) As copias ou matrices das facturas expedidas conforme o artigo 2.1 e 2 e as copias dos documentos substitutivos expedidos.

c) As facturas expedidas de acordo co artigo 2.3, así como os seus xustificantes contables, se é o caso.

d) Os recibos a que se refire o artigo 14.1, tanto o orixinal daquel, por parte do seu expedidor, como a copia, por parte do titular da explotación.

e) Os documentos acreditativos do pagamento do imposto á importación.

Esta obriga incumbe así mesmo ós empresarios ou ós profesionais acollidos ós réximes especiais do imposto sobre o valor engadido, así como ós que, sen te-la condición de empresarios ou profesionais, sexan suxeitos pasivos do imposto, aínda que neste caso só alcanzará os documentos que se citan no parágrafo c).

2. Os documentos débense conservar co seu contido orixinal, ordenadamente e nos prazos e coas condicións fixados por este regulamento.

3. As obrigas ás que se refire o punto anterior poderán ser cumpridas materialmente por un terceiro, que actuará en todo caso en nome e por conta do empresario ou profesional ou suxeito pasivo, o cal será, en calquera



caso, responsable do cumprimento de tódalas obrigas que se establecen neste capítulo.

4. Cando o terceiro non estea establecido na Comunidade Europea, salvo que se encontre establecido en Canarias, Ceuta ou Melilla ou nun país co cal exista un instrumento xurídico relativo á asistencia mutua cun ámbito de aplicación similar ó previsto polas Directivas 76/308/CEE do Consello, do 15 de maio de 1976, sobre a asistencia mutua en materia de cobramento dos créditos correspondentes a determinadas exaccións, dereitos, impostos e outras medidas, e 77/799/CEE do Consello, do 19 de decembro de 1977, relativa á asistencia mutua entre as autoridades competentes dos Estados membros no ámbito dos impostos directos, de determinados impostos sobre consumos específicos e dos impostos sobre as primas de seguros, e polo Regulamento (CE) n.º 1798/2003 do Consello, do 7 de outubro de 2003, relativo á cooperación administrativa no ámbito do imposto sobre o valor engadido e polo que se derroga o Regulamento (CEE) n.º 218/92, unicamente caberá o cumprimento desta obriga a través dun terceiro coa previa autorización da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

#### Artigo 20. *Formas de conservación das facturas ou documentos substitutivos.*

1. Os diferentes documentos a que se fai referencia no artigo 19 deberanse conservar de forma que se garanta o acceso a eles por parte da Administración tributaria sen demora, agás causa debidamente xustificada.

2. En particular, esta obriga poderase cumprir mediante a utilización de medios electrónicos. Para estes efectos, entenderase por conservación por medios electrónicos a conservación efectuada por medio de equipos electrónicos de tratamento, incluída a compresión numérica, e o almacenamento de datos, utilizando medios ópticos ou outros medios electromagnéticos.

#### Artigo 21. *Conservación das facturas ou documentos substitutivos por medios electrónicos.*

1. A conservación por medios electrónicos dos documentos a que se fai referencia no artigo 20 deberase efectuar de maneira que se asegure a súa lexibilidade no formato orixinal en que se recibisen ou remitisen, así como, se é o caso, a dos datos asociados e mecanismos de verificación de sinatura ou outros elementos autorizados que garantan a autenticidade da súa orixe e a integridade do seu contido.

A Administración tributaria poderalle esixir en calquera momento ó remitidor ou ó receptor dos documentos a súa transformación en linguaxe lexible.

2. Os documentos conservados por medios electrónicos deberán ser xestionados e conservados por medios que garantan un acceso en liña ós datos, así como a súa carga remota e a utilización por parte da Administración tributaria ante calquera solicitude desta e sen demora inxustificada.

Entenderase por acceso completo aquel que permita a súa visualización, busca selectiva, copia ou descarga en liña e impresión.

3. O ministro de Facenda dictará as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación do establecido neste artigo.

#### Artigo 22. *Lugar de conservación das facturas ou documentos substitutivos.*

1. Para os efectos do disposto neste capítulo, o empresario ou profesional ou o suxeito pasivo obrigado á conservación das facturas ou documentos substitutivos

poderá determina-lo lugar de cumprimento da dita obriga, coa condición de que poña á disposición do órgano da Administración tributaria que estea desenvolvendo unha actuación dirixida á comprobación da súa situación tributaria, ante calquera solicitude do devandito órgano e sen demora inxustificada, toda a documentación ou información así conservadas.

2. Cando a conservación se efectúe fóra de España, tal obriga unicamente se considerará validamente cumprida se se realiza mediante o uso de medios electrónicos que garantan o acceso en liña, así como a carga remota e utilización por parte da Administración tributaria da documentación ou información así conservadas.

No caso de que os empresarios ou os profesionais ou suxeitos pasivos desexen cumprir-la dita obriga fóra do citado territorio deberanlle comunicar con carácter previo esta circunstancia á Axencia Estatal de Administración Tributaria.

#### Artigo 23. *Acceso da Administración tributaria ás facturas e documentos substitutivos.*

Cando a obriga de conservación a que se refire o artigo 19 se cumpra mediante a utilización de medios electrónicos deberáselle garantir a calquera órgano da Administración tributaria que estea realizando unha actuación de comprobación da situación tributaria do empresario ou profesional ou do suxeito pasivo o acceso en liña ós documentos conservados, así como a súa carga remota e utilización. O cumprimento desta obriga será independente do lugar no que se conserven os documentos.

## CAPÍTULO V

### Outras disposicións

#### Artigo 24. *Resolución de controversias en materia de facturación.*

Consideraranse de natureza tributaria, para os efectos da interposición da correspondente reclamación económico-administrativa, as controversias que se poidan producir en relación coa expedición, rectificación ou remisión de facturas ou de documentos substitutivos e demais documentos a que se refire este regulamento, cando estean motivadas por feitos ou cuestións de dereito da dita natureza.

## TÍTULO II

### Obrigas de documentación para efectos doutros tributos

#### Artigo 25. *Aplicación das disposicións do título I.*

As disposicións contidas no título I resultarán aplicables para efectos de calquera outro tributo, sen prexuízo do establecido pola súa normativa propia e polo artigo 26.

#### Artigo 26. *Particularidades da obriga de documentación no imposto sobre a renda das persoas físicas.*

1. Os contribuíntes polo imposto sobre a renda das persoas físicas que obteñan rendementos de actividades económicas estarán obrigados a expedir factura e copia desta polas operacións que realicen no desenvolvemento da súa actividade nos termos previstos neste regulamento, cando determinen os ditos rendementos polo réxime de estimación directa, con independencia do réxime a

que estean acollidos para efectos do imposto sobre o valor engadido.

Tamén estarán obrigados a expedir factura e copia desta os contribuíntes acollidos ó réxime de estimación obxectiva no imposto sobre a renda das persoas físicas que determinen o seu rendemento neto en función do volume de ingresos.

2. As obrigas establecidas no punto anterior entenderanse cumpridas mediante a expedición do recibo previsto no artigo 14.1 por parte do destinatario da operación realizada no desenvolvemento das actividades que se encontren acollidas ó réxime especial da agricultura, gandería e pesca do imposto sobre o valor engadido.

Disposición adicional primeira. *Deberes de facturación noutros ámbitos.*

O disposto neste regulamento débese entender sen prexuízo de cantos outros deberes sexan ademais esixidos en canto á expedición e entrega de factura por parte dos empresarios e profesionais no ámbito mercantil, do réxime das súas actividades profesionais ou para os efectos da defensa dos consumidores e usuarios.

Disposición adicional segunda. *Imposto xeral indirecto canario e imposto sobre a produción, os servicios e a importación nas cidades de Ceuta e Melilla.*

En relación coas operacións suxeitas ó imposto xeral indirecto canario, as referencias feitas ó imposto sobre o valor engadido e ó Departamento de Xestión Tributaria da Axencia Estatal de Administración Tributaria ou a esta última débense entender feitas, se é o caso, ó imposto xeral indirecto canario e á Administración tributaria canaria. Así mesmo, en canto ás operacións suxeitas ó imposto sobre a produción, os servicios e a importación, as referencias entenderanse feitas ó citado tributo e ás autoridades locais das cidades de Ceuta e Melilla. O anterior entenderase sen prexuízo da coordinación que resulte necesaria entre as citadas administracións.

Sen prexuízo das mencións contidas nos artigos 6 e 7, as normas de xestión do imposto xeral indirecto canario determinarán as mencións específicas que deben conter as facturas ou documentos substitutivos que documenten as operacións suxeitas ó imposto, así como os requisitos de autorización para o cumprimento das obrigas de expedir e conservar facturas ou documentos substitutivos realizadas por destinatarios ou terceiros establecidos fóra das illas Canarias.

No suposto recollido no artigo 14.3, parágrafo primeiro, dentro do réxime especial das axencias de viaxes do imposto xeral indirecto canario poderase facer constar en factura, por solicitude do destinatario e baixo a denominación «cotas de IGIC incluídas no prezo», a cantidade resultante de multiplica-lo prezo total da operación por dous e dividir por 100.

Disposición adicional terceira. *Facturación nas entregas de enerxía eléctrica.*

As entregas de enerxía eléctrica en que as ofertas de venda e adquisición se realizasen a través do operador do mercado a que se refire o artigo 33 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, deberán ser documentadas mediante facturas expedidas polo dito operador en nome e por conta das entidades subministradoras da enerxía, nas cales deberán constar tódolos datos enumerados no artigo 6.1 deste regulamento, con excepción dos relativos á identificación do destinatario da operación, que serán substituídos polos de identificación do operador do mercado. O dito operador deberá

conservalo orixinal da factura expedida e remitirle a copia ó subministrador.

Así mesmo, o operador do mercado deberá expedir unha factura polas citadas subministracións efectuadas a cada adquirente da enerxía, na que consten tódolos datos indicados no citado artigo 6.1, salvo os relativos á identificación do expedidor, que serán substituídos polos de identificación do operador do mercado. O dito operador deberá conservar copia de tales facturas e remitirle o orixinal ó destinatario destas.

Os documentos a que se refiren os dous parágrafos anteriores que deban ser conservados polo operador do mercado terán a consideración de factura para os efectos do disposto neste regulamento e quedarán á disposición da Administración tributaria durante o prazo de prescripción para a realización das comprobacións que resulten necesarias en relación coas subministracións reflectidas nas correspondentes facturas.

O operador do mercado deberá relacionar na súa declaración anual de operacións con terceiras persoas, nos termos previstos polo Real decreto 2027/1995, do 22 de decembro, as operacións realizadas polos subministradores de enerxía eléctrica e polos seus adquirentes, que fosen documentadas consonte o indicado nos parágrafos precedentes, indicando respecto de cada subministrador e de cada adquirente o importe total das operacións efectuadas durante o período a que se refira a declaración, en que se farán constar como compras as entregas de enerxía imputadas a cada subministrador e como vendas as adquisicións de enerxía imputadas a cada adquirente.

En todo caso, e respecto das operacións a que se refire esta disposición adicional, o operador do mercado deberalle presta-la súa colaboración á Administración tributaria proporcionándolle calquera dato, informe ou antecedente con transcendencia tributaria para o correcto tratamento das ditas operacións.

Disposición adicional cuarta. *Facturación de determinadas prestacións de servicios na realización dos cales interveñen axencias de viaxes que actúen como mediadoras en nome e por conta allea.*

1. Expediranse de acordo co establecido nesta disposición as facturas que documenten as prestacións de servicios nas que concorran os requisitos seguintes:

a) Que consistan en prestacións de servicios na contratación dos cales interveñan como mediadores en nome e por conta allea empresarios ou profesionais que teñan a condición de axencias de viaxes de acordo coa normativa propia do sector.

b) Que o destinatario dos referidos servicios sexa un empresario ou profesional, ou unha persoa xurídica que non teña a devandita condición, e lle solicite á axencia de viaxes a expedición da factura correspondente a tales servicios.

c) Que se trate de servicios de transporte de viaxeiros e das súas equipaxes por vía aérea, respecto dos que a intervención da axencia de viaxes se realice a través do sistema electrónico de reservas e liquidación xestionado pola «International Air Transport Association» (sistema «Billing and Settlement Plan», BSP-IATA).

2. As devanditas facturas deberán conter os datos ou requisitos que se indican a continuación, sen prexuízo da posibilidade de incluír calquera outra mención:

a) A indicación expresa de que se trata dunha factura expedida pola axencia de viaxes ó abeiro do previsto nesta disposición adicional.

b) Os datos e requisitos a que se refire o artigo 6. Non obstante, como datos relativos ó obrigado a expedir a factura a que se refire o punto 1.3.º, 4.º e 5.º do

devandito artigo, faranse consta-los relativos á axencia de viaxes, e non os correspondentes ó empresario ou ó profesional que presta o servizo a que se refire a mediación.

Adicionalmente, as facturas expedidas deberán conter unha referencia inequívoca que identifique todos e cada un dos billetes que correspondan ós servizos de transporte documentados nelas. Así mesmo, estas facturas deberán expedirse en serie separada do resto.

3. Os servizos de mediación en nome e por conta allea relativos ós servizos de transporte de viaxeiros e das súas equipaxes, que a axencia de viaxes preste ó destinatario dos ditos servizos de transporte, poderán tamén ser documentados pola axencia mediante as facturas a que se refire esta disposición adicional. En tal caso, na correspondente factura deberán figurar por separado os datos relativos ó mencionado servizo de mediación que deban constar en factura segundo o previsto neste regulamento.

4. A axencia de viaxes poderá documentar nunha mesma factura expedida por ela servizos prestados por distintos empresarios ou profesionais a un mesmo destinatario no prazo máximo dun mes.

5. Sen prexuízo do establecido nos puntos anteriores, resultarán aplicables ás facturas expedidas polas axencias de viaxes ó abeiro desta disposición adicional as previsións contidas neste regulamento.

6. As axencias de viaxes que expidan estas facturas deberán anotalas no libro rexistro de facturas expedidas previsto no artigo 63 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido. Tales anotacións deberán realizarse de maneira que os importes correspondentes ás operacións a que se refire o punto 1 desta disposición poidan ser diferenciados dos importes correspondentes ós

importes dos servizos a que se refire o punto 3 e dos importes correspondentes a operacións recollidas noutros documentos ou facturas distintas.

7. As axencias de viaxes que expidan estas facturas deberán consignar a seguinte información na declaración á que se refire o Real decreto 2027/1995, do 22 de decembro, polo que se regula a declaración anual de operacións con terceiras persoas:

a) En concepto de vendas, a información relativa ós servizos documentados mediante as referidas facturas, debidamente diferenciada.

b) En concepto de compras, a información relativa ás prestacións de servizos de transporte de viaxeiros e das súas equipaxes por vía aérea a que se refire esta disposición, debidamente diferenciada.

8. As axencias de viaxes que expidan as facturas a que se refire esta disposición adicional deberánlle prestar a súa colaboración á Administración tributaria proporcionando calquera dato ou antecedente de transcendencia tributaria respecto das prestacións de servizos documentadas naquelas.

Disposición adicional quinta. *Referencias ó Real decreto 2402/1985, do 18 de decembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar factura que incumbe ós empresarios e ós profesionais.*

As referencias feitas ó Real decreto 2402/1985, do 18 de decembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar factura que incumbe ós empresarios e ós profesionais, entenderanse realizadas a este regulamento.